

ACTA NÚM. 7 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRINTA DE MAIO DE 2013.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **trinta de maio de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

O R D E D O D Í A:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 25 de abril de 2013.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 25 de abril de 2013.

- 3. Proposta da Alcaldía de aprobación de denominación de praza.**
- 4. Aprobación inicial da ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Santiago de Compostela.**
- 5. Aprobación inicial dos Estatutos da Asociación de Concellos do Camiño de Santiago e adhesión do Concello de Santiago á devandita asociación.**
- 6. Aprobación dos Estatutos da Rede española de Cidades Intelixentes (RECI).**
- 7. Modificación orzamentaria de crédito extraordinario 2013-CREXT-32, para reposición de cableado do alumado público como consecuencia de furtos.**
- 8. Dar conta de aprobación definitiva do plan de emerxencia municipal do Concello de Santiago de Compostela.**
- 9. Solicitud de compatibilidade para actividade pública secundaria de profesor asociado, do voceiro do grupo municipal socialista, Don Francisco Reyes Santiás.**
- 10. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á defensa do partido xudicial de Santiago.**
- 11. Proposición do grupo municipal do BNG relativa á creación dun programa de loita contra a pobreza.**
- 12. Designación de conselleiros na empresa municipal INCOLSA.**
- 13. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 14. Dar conta de acordo da Xunta de Goberno de solicitude da adhesión do Concello de Santiago á Asociación Rede CIVINET España e Portugal.**
- 15. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 16. Rogos e preguntas.**
- 17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 25 de abril de 2013 (acta núm. 5/2013).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril de 2013 (acta núm. 6/2013).

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE DENOMINACIÓN DE PRAZA.

A proposta da alcaldía para a aprobación de denominación de praza, que leva data do día 27 deste mes, indica o seguinte:

“Ángel Currás Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela, que subscribe, ten a honra de elevar á consideración do Pleno a seguinte **PROPOSTA**:

Co gallo da visita do Excmo. Presidente da República Oriental do Uruguay á nosa cidade, o Concello de Santiago de Compostela organizou un acto en agradecemento e mostra de afecto a este país.

Unha parte importante da comunidade uruguaia na nosa cidade reside no barrio das Fontiñas, polo cal este acto serviría para inaugurar e dar nome a unha praza en dito barrio, que pasará a denominarse “Praza da República Oriental do Uruguay”.

Expón o Sr. Alcalde que na reunión mantida entre os voceiros e o embaixador da República Oriental de Uruguay falouse de proceder á inauguración dun espazo público que levará o nome de República Oriental de Uruguay, razón pola que hoxe se propón destinar un espazo da zona de Fontiñas para que leve este nome.

Don Rubén Cela indica que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego non só non pon reparos á proposta, senon que opina que é unha moi boa decisión que en Santiago de Compostela poidamos contar cunha praza co nome da República Oriental de Uruguay, ademais da de recuperar para ela a estatua de José Gervasio Artigas, libertador de Uruguay, que está en San Caetano, pouco coñecida polos cidadáns de Santiago, e que nese espazo vai ser de maior utilidade e disfrute do conxunto dos veciños e veciñas.

En calquera caso, lembra que co Sr. Conde Roa se chegara ao acordo de convocar aos tres grupos para poder analizar e consensuar na medida do posible o resto de nomes de novas rúas e prazas. Neste caso, os grupos da oposición foron coparticipes desa petición por parte do embaixador e da cónsul do Uruguay en Santiago de Compostela, e polo tanto síntense totalmente reflexados na proposta.

O Sr. Alcalde explica que non se convocou á xunta de portavoces porque xa previamente se mantivera unha reunión co embaixador.

Tamén Don Francisco Reyes adianta que o sentido do voto do grupo municipal do PSdeG-PSOE vai ser afirmativo á proposta do Sr. Alcalde.

Xa que logo, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda dar o nome a unha praza do Barrio das Fontiñas de “Praza da República Oriental do Uruguay”, coa ubicación indicada no plano que se xunta á proposta da alcaldía.

4. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O presente asunto da orde do día ten a súa orixe na proposta da concelleira-delegada da área de servizos sociais, que expresa así a necesidade de modificar o texto vixente na actualidade:

“María Castelao Torres, Concelleira Delegada da Área de Servizos Sociais, visto o informe emitido pola Xefa de Sección de Servizos Sociais do 4 de marzo de 2013, que conta co V.P. da xefa de servizo da Área de Benestar Social sobre a ordenanza reguladora do servizo de Axuda no Fogar, cos seguintes:

ANTECEDENTES

A Axuda no Fogar é un servizo público de carácter local, que ofrece un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual. Dito servizo experimentou na última década diversos cambios normativos que esixen a adaptación da súa ordenanza reguladora a dita normativa.

As ordenanzas Reguladoras do servizo de Axuda no Fogar do Concello de Santiago de Compostela, dende o seu inicio, foron adaptándose ás normativas estatais e galegas que as regulan e desenvolven.

Durante a tramitación da última modificación da ordenanza, aprobada de xeito definitivo polo pleno desta Corporación o día 31 de maio de 2012, e Publicada no BOP da provincia do 26 de xuño de 2012, prodúcese a publicación do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG nº 63 do 30 de marzo de 2012), que na disposición derradeira primeira, di “As Corporacións locais disporán dun prazo de dezaioito meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto neste decreto.”

Esta publicación obriga unha vez máis á adaptación da ordenanza Municipal de Axuda no Fogar publicada o BOP do 26 de xuño de 2012, quedando neste intre referenciada á seguinte normativa.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

No referido ao borrador da nova ordenanza, entre outras novas, as táboas que fan referencia á participación no financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, difiren da única táboa que estaba establecida na ordenanza municipal de axuda no Fogar neste Concello, ao abeiro do artigo 18 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, da consellería de Presidencia da Igualdade e do Benestar, dado que dito artigo ven de ser derogado polo antedito Decreto 99/2012, do 16 de marzo e que na ordenanza que se pretende aprobar concretanse:

No artigo 21º, punto 2.- **Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**, da presente ordenanza reguladora, reproduce literalmente, o *Artigo 61, punto 2 de Participación e financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar*, do antedito Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

E no artigo 22º punto 1.- **Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**, da presente ordenanza reguladora, reproduce literalmente o recollido no *Artigo 62, punto 1, de Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos sociais comunitarios en que se aplique o copagamento*, do antedito Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de auto organización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal.

Así mesmo, de xeito simultáneo, se inicia o expediente de aprobación inicial da modificación da vixente **Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar**.

PROPON a aprobación inicial da Ordenanza Reguladoras do Servizo de Axuda no Fogar.”

A anterior proposta ven acompañada dun informe da xefa de sección de servizos sociais, que conta co visto e praxe da xefa de servizo da área de Benestar Social, do día 18 de marzo deste ano, do informe da secretaría xeral de Pleno-dirección da asesoría xurídica, do 12 de abril seguinte, emitido a teor do disposto no artigo 89 do Regulamento Orgánico Municipal, do acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago, do día 18 de abril, que aproba o proxecto de ordenanza, e do ditame favorable da Comisión Informativa da área do social, cultura e servizos, do día 23 de maio deste ano.

Dona María Castelao inicia o debate deste punto explicando que a axuda no fogar é un servizo público de carácter local que ofrece un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Dito servizo experimentou na última década diversos cambios normativos que esixen a adaptación da súa ordenanza reguladora, pois as ordenanzas reguladoras do servizo de axuda no fogar no Concello de Santiago de Compostela, dende o seu inicio, foron adaptándose ás normativas estatais e galegas que as regulan e desenvolven.

Durante a tramitación da última modificación da ordenanza, aprobada de xeito definitivo polo Pleno desta Corporación o día 31 de maio de 2012 e publicada no BOP da Provincia de 26 de xuño de 2012, tivo lugar a publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que na disposición derradeira primeira di: “as corporacións locais disporán dun prazo de 18 meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación para a adaptación das súas ordenanzas municipais ao disposto neste Decreto”.

Prosegue a Sra. Castelao a súa intervención indicando que coa entrada en vigor da Lei 30/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como da normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación, e aspectos procedimentais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula éste, establecéronse pautas de carácter xeral para asegurar o reparto equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7.b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais dispor dunhas normas de funcionamento visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado Decreto.

No borrador da nova ordenanza, entre outras novas, introdúcense as táboas que fan referencia á participación no financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, que

difiren da única táboa que estaba establecida na ordenanza municipal de axuda no fogar neste concello, vixente ata o momento. Na ordenanza que se pretende aprobar, o artigo 21.2, no referido á participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito a atención, reproduce literalmente o artigo 61.2 do Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Por outra banda, no artigo 22.1) no referido á participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen pagamento, se reproduce literalmente o recollido no artigo 62.1 do Decreto 99/2012, e en consecuencia, e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxénea nos tipos de atención e nos criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Santiago, de conformidade co marco normativo referenciado, que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal.

Así mesmo, de xeito simultáneo iníciase o expediente de aprobación inicial da modificación da vixente taxa polo prestación do servizo de axuda no fogar.

Don Rafael Vilar indica que o que se debate neste punto é a adaptación da ordenanza aprobada nun pleno de fai agora un ano a modificacións normativas posteriores, e moi especialmente ao Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O BNG entende que esta adaptación da ordenanza ven esixida por normas supramunicipais que son de obrigado cumprimento, pero lembra que no seu día o seu grupo expresou a súa posición contraria, non á ordenanza, senón ao mencionado Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, de feito presentaron unha moción demandando a súa retirada por entender que nel a Xunta se desentendía na práctica dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, e en especial, do servizo de axuda no fogar, e obrigaba ao mesmo tempo a un maior esforzo económico aos concellos de máis de vinte mil habitantes, todo isto na liña de recortes sociais emprendida polo goberno do PP da Xunta. Estes recortes afectan, como é sabido, ao plan concertado de servizos sociais, que pasou de ter un orzamento de 20,5 millóns de euros en 2009, a 8,6 para o ano en curso, e polo tanto ao servizo de axuda no fogar.

Esas son as razóns que levan ao grupo municipal do BNG a manifestar a súa abstención neste punto, e non tanto por non entender a proposta da concelleira, que ven obrigada por unha norma de rango superior, pero si pola súa discrepancia co Decreto da Xunta que sustenta os cambios na ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar na nosa cidade.

Dona Mar Martín García, pola súa banda, indica que tamén a postura do grupo socialista tamén vai ser a de abstención, pois se ben recoñecen a obrigatoriedade de modificar a anterior ordenanza para adaptala ao Decreto 99/2012, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, non poden sen embargo apoiar unha ordenanza que se dicta en cumprimento dun decreto co que están en total desacordo. O desacordo deriva de moitas razóns, pero as que especialmente afectan a esta ordenanza son as que se refiren ó aumento do copago das familias, porque existe unha grave e inxusta discriminación en función do grao de dependencia. Tampouco pode apoiar o seu grupo o

copago para os usuarios do servizo de libre concorrência, facendo inaccesible o mesmo para unha gran maioría deles. Cómpre non esquecer que este servizo está destinado a persoas con problemas especiais, a menores, e sobre de todo nestes momentos, a dependentes que teñen que recurrir a el polo retraso cada vez maior nas resolucións da dependencia.

Dona María Castelao considera erradas as apreciacións dos grupos da oposición, pois pensa que tanto na lei de Administración Local de Galiza como na de Servizos Sociais se establece que as Deputacións deben colaborar economicamente e prestar asistencia técnica aos concellos nos servizos básicos, especialmente aos de menos de vinte mil habitantes .

Neste sentido, no Decreto da Xunta se establece que as deputacións apoiarán o financiamento do servizo de axuda no fogar básico, e as retribucións do persoal que non sexan traballadores sociais, que xa financia a Xunta. Deste xeito, a Xunta de Galicia non se desentende en ningún momento do financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais dos concellos de menos de vinte mil habitantes, senón que asume o financiamento dos traballadores sociais de todos os concellos de menos de vinte mil habitantes, como profesionais de referencia dos servizos sociais comunitarios municipais.

Ademais, a administración autonómica tamén garante o financiamento en todos os concellos do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada. Por outra banda, non é certo que se incremente notablemente a participación dos usuarios no pagamento do servizo de dependencia, pois o Decreto exceptúa do copagamento ás capacidades económicas inferiores ao IPREM, de 532,51 euros, o cal fai que a norma sexa moito máis xusta que a anterior.

Di a concelleira, por poñer un exemplo, que antes o sistema establecía o mesmo copagamento para rendas de entre 532,51 euros e 1.597,53 euros, situación que o novo decreto corrixe, xa que recolle unhas porcentaxes progresivas, e polo tanto, aplicárase o copagamento progresivamente en función da capacidade económica, e non case igual para todos os beneficiarios, tendo en conta que practicamente o 100% das rendas das persoas galegas se atopan neste intervalo.

Por outro lado, no copagamento anterior referenciábase o custo do servizo e non a capacidade económica, que o seu grupo considera fundamental para facer o reparto máis xusto.

En relación ao que comentaba o Sr. Vilar sobre o Plan concertado, opón a concelleira que a súa consignación é de quince millóns, e engade que o que fai o novo decreto é beneficiar as rendas máis baixas, seguindo os obxectivos do partido popular de favorecer aos máis desfavorecidos.

A Don Rafael Vilar sorpréndelle que a Sra. Castelao non coñeza realmente o contido do Decreto 99/2012, porque nel non se establece a obrigatoriedade de que as Deputacións se fagan cargo deste servizo en Concellos de menos de vinte mil habitantes, que quedan ao pairo. Sen embargo non lle sorprende, por outra banda, que a concelleira defenda o copago, tanto nos servizos sociais como noutros moitos servizos públicos, xa que esta defensa deriva dun modelo ideolóxico defendido polo partido popular. Pola contra, o BNG vai cara outro modelo, que pasa porque os servizos públicos sexan gratuítos e universais, onde hai que

establecer o pagamento real a través da renda, a través do IRPF, etc., como fórmulas de reequilibrio social

Rematado o debate, e de conformidade coa proposta da concelleira-delegada da área de servizos sociais, o informe da sección de servizos sociais e o ditame favorable da Comisión da área do social, cultura e servizos, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 abstencións, dos membros dos grupos PSdeG-PSOE e BNG, aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

En aplicación do procedemento regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, modificada por la Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a ordenanza aprobada inicialmente someterase a información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións. No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.

O texto aprobado inicialmente é o seguinte:

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985) establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito para posibilitar así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece, no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais e define o servizo de axuda no fogar como un servizo consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar, de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar

un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b), como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia, e coa finalidade de garantir equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención así como os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Santiago de Compostela, consonte o marco normativo ao que se fai referencia e que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo municipal de axuda no fogar a través desta ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar (SAF) xestionado polo Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se xestiona no Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual. Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- c) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- d) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- e) Retardar ou evitar a institucionalización.
- f) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.
- g) Apoiar e complementar a labor da familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención de persoas dependentes ou de crise familiar.
- h) Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. Consonte a valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- I. Asistencia para levantarse e deitarse.
- II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo temporal.
- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- III. Preparación dos alimentos.
- IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
- V. Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c. Adaptacións funcionais do fogar.
- d. Servizo de podoloxía.
- e. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- b. Actuacións que polo seu carácter sanitario deban, en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5º.- Persoas destinatarias

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6º.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo ao seu dispor, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

9. Participar no pagamento dos servizos naqueles supostos concretos que se establezan nesta ordenanza e nas normas reguladoras correspondentes que desenvolvan este servizo.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 8º.- Formas de prestación do servizo

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Santiago de Compostela ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 9º.- Requisitos específicos

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade, ou o recoñecido pola lexislación vixente.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias será realizado polo persoal técnico, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Santiago de Compostela abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a persoa usuaria.
- d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo co recollido na normativa vixente de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 10º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase do xeito que segue:

10º.1.- Acceso directo

O acceso será prioritario e **directo** para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA) e, consonte a aplicación do programa de asignación de recursos (PAR) establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

Para estes efectos, o Concello de Santiago de Compostela, cando sexa o caso, procederá a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

10º.2.- Acceso por libre concorrencia

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia, resolverase en réxime de libre concorrencia.

Artigo 11º.- Requisitos

Para acceder aos servizos de atención domiciliaria, deberán reunirse os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado e residir no municipio de Santiago de Compostela.
2. Presentar a documentación esixida.
3. Ser valorado como recurso idóneo a aplicar pola unidade técnica de servizos sociais.

Artigo 12º.- Solicitudes e documentación

12º.1.- Para o acceso por libre concorrencia

O procedemento iniciarase mediante a presentación da solicitude, en modelo normalizado, no Rexistro Xeral do Concello, sen prexuízo do previsto no artigo na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
2. No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal; se é o caso, fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa que teña esta representación.
3. Fotocopia compulsada do libro de familia, no caso de seren menores de idade.
4. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa interesada.
5. Informe das condicións de saúde, facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.
6. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.
7. Certificado ou informe municipal de convivencia.
8. Xustificante de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e/ou outros bens que posúan, a persoa solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes, e fillos maiores de 25 anos con discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores por medio dalgunha da seguinte documentación:
 - Certificado de pensión do organismo competente.
 - Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu caso certificado negativo de imputacións do IRPF, expedido pola Axencia Tributaria correspondente.
 - Certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción ou non de prestacións, de ser o caso.
 - Xustificante das percepcións doutras prestacións sociais, de ser o caso
 - Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso.
9. Autorización ao Concello de Santiago de Compostela para solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria.
10. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
11. Xustificante dos gastos deducibles: custo da vivenda habitual e bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.
12. Declaración de patrimonio, certificado da Consellería de Economía e Facenda
13. As persoas que padezan algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial presentarán o certificado do organismo público onde se recoñeza a citada discapacidade e/ou invalidez.

12º.2.- Para o acceso directo

As persoas que teñan recoñecida unha situación de dependencia, que se lles asignara o servizo de axuda no fogar no PÍA e no PAR, achegarán, se fose o caso, a documentación precisa para actualizar os datos persoais e familiares así como os referidos á capacidade económica.

En ambos os dous tipos de acceso, con independencia da documentación que se sinala, o Concello poderá esixir os documentos complementarios que durante a tramitación do expediente considere oportunos en relación coa prestación solicitada.

O persoal de Servizos Sociais recadará de oficio, por si mesma, a través doutros departamentos municipais o extramunicipais, información relativa ao cumprimento dos requisitos de empadramento e daqueles outros indispensables que non se acreditaran suficientemente, sen prexuízo da obtención da correspondente autorización por parte do interesado consonte a normativa vixente en materia de protección de datos.

O Concello resérvase as actividades inspectoras que considere convenientes sobre os datos achegados e relacionados co servizo que se solicita.

Artigo 13º.- Emenda da solicitude

Cando se presenten solicitudes incompletas, que non reúnan os requisitos que sinala o artigo 70 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99, ou que non acheguen algúns dos documentos esixidos na referida normativa, requirirase ao/á interesado/a para que, ao abeiro do artigo 71 da referida lei, no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixese se lle terá por desistido/a do seu pedimento, logo da resolución que deberá de ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei ou de calquera outra que a substitúa.

a.- As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido para tal fin.

b.- O departamento de Servizos Sociais elaborará un informe e a proposta que será elevada á Alcaldía, ou ben ao Concelleiro ou Concelleira por delegación para ditar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse **na lista de agarda**, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo, segundo se establece no anexo I. En caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda. En todo caso, na resolución fírase constar, cando menos:

- Aprobación ou denegación do servizo.

- Disponibilidade de alta efectiva ou paso á lista de agarda.
- As condicións de carácter económico en que se prestará o servizo:
 - * Prezo público do servizo que satisfará a persoa beneficiaria.
 - * Prezo público do servizo que satisfará o Concello de Santiago de Compostela.

A resolución de aprobación que se dite notificarase á persoa interesada ou ao seu representante legal, á unidade de traballo social e á entidade prestadora do servizo.

O 28 de febreiro consta o primeiro informe favorable da asesoría xurídica do concello, no que se propón a concesión de compatibilidade ao voceiro do grupo socialista. O 18 de marzo de 2013, a Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, ditamina por unanimidade a solicitude de compatibilidade, e na convocatoria da sesión ordinaria do pleno do mes de marzo inclúese este punto na orde do día, e é posteriormente retirado a iniciativa do señor Alcalde. O 16 de abril, a Universidade de Vigo informa favorablemente a solicitude de compatibilidade, informe que ten rexistro de entrada no Concello do 24 de abril, e o 29 de abril emite un segundo informe complementario o asesor xurídico do concello.

Neste tempo tense mantido un debate público acerca desta proposta, plagada, ao seu xuízo, de inexactitudes e tamén dalgunha mentira que di vai tratar de explicar.

Así, o artigo 65 da Lei de Bases de Réxime Local establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen con dedicación exclusiva, indicando o seu parágrafo segundo que a percepción será incompatible coa doutras administracións públicas nos termos da Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Esta Lei 53/84 establece no seu artigo 3 que o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación, só poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos na mesma para as funcións docente e sanitaria, suposto no que nos atopamos.

Para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de

compatibilidade, que non suporá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos.

É evidente que o señor Reyes contaba coa concesión de compatibilidade por parte do SERGAS, e unha vez que comeza a desenvolver o seu posto de concelleiro con dedicación exclusiva neste concello presenta no prazo correspondente a nova solicitude, tendo en conta que mentres non se pronuncie a nova administración na que desenvolve o seu traballo mantense a compatibilidade anteriormente concedida.

O artigo 4.1 da norma citada con anterioridade establece que poderá autorizarse a compatibilidade, unha vez cumpridas as restantes esixencias que a lei contempla, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado, en réxime de dedicación non superior ao tempo parcial e con duración determinada.

Afirmaba o Sr. Alcalde no pleno de aprobación inicial dos orzamentos que o señor Reyes ten dous traballos, e espera a concelleira que cando o Sr. Currás fixo estas afirmacións descoñecera que o artigo 53 da Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril de universidades, establece que a contratación de profesores ou profesoras asociados unicamente poderá celebrarse cando se acredite o exercicio da actividade profesional fóra do ámbito académico universitario, polo tanto, é rotundamente falso que o señor Reyes estea restando postos de traballo a persoas que están en situación de desemprego. É ésta unha posición clara de demagogia.

Tamén dixo o goberno municipal que o señor Reyes estaba nunha situación irregular por dar clases sen ter autorizada a compatibilidade, cando o concelleiro ten concedida a compatibilidade polo órgano competente do posto principal que ostentaba con anterioridade ao día 20 de decembro de 2012. Agora efectivamente é esta administración a que a ten que concedela , por certo tarde e arrastras.

Prosegue a súa intervención a concelleira indicando que a Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no seu artigo 42, establece a obriga por parte da administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos. O parágrafo 3 do mesmo artigo fixa o prazo máximo de resolución en tres meses dende a data na que a solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Por certo, o Real Decreto 598/85, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da administración do Estado, no seu artigo 5 establece o prazo de tres meses para que a administración resolva a solicitude de autorización de compatibilidade dun segundo posto no sector público. No seu parágrafo segundo establece que o prazo poderá prorrogarse un mes máis por resolución motivada. Neste caso, non se resolveu a solicitude do Sr. Reyes no prazo establecido na lexislación vixente, pois o señor Reyes formulou a solicitude o día 2 de xaneiro e hoxe tráese á aprobación a finais do mes de maio, o último día do mes de maio.

E o artigo 43 da mesma lei regula o silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado, e no seu parágrafo primeiro establece que o vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa lexítima ao interesado ou interesados para entender estimada a solicitude por silencio administrativo, agás nunha serie de supostos que non se cumpren neste caso. É máis, o parágrafo 2 considera a estimación por silencio administrativo a todos os efectos como un acto administrativo finalizador do procedemento,

un exemplo máis de que o goberno municipal non cumpre os seus deberes, e neste caso parece que con intencionalidade clara.

É preciso ter en conta que a proposta se retira da orde do día do pleno do mes de marzo, que o día 24 de abril recíbese o informe favorable da Universidade de Vigo, e que sendo certo que o pleno se celebrou o día seguinte, o día 25 de abril podería terse introducido por urxencia, por acordo dos grupos municipais, ou polo menos telo proposto, como se fai con outros asuntos que si interesan ao goberno, o que non se fixo.

O artigo 50 do ROF atribúe ao pleno da corporación a competencia para a autorización ou denegación de compatibilidade ao persoal ao servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade. Neste expediente consta unha proposta e unha conclusión do secretario xeral do concello-director da asesoría xurídica autorizando a compatibilidade, que foi aprobada por unanimidade na comisión informativa de presidencia polos grupos políticos da oposición e tamén do Partido Popular, como consta na certificación que forma parte deste expediente, e a verdade é que non é doado entender o ló que con posterioridade o goberno municipal pretendeu armar coa solicitude de compatibilidade do señor Reyes.

Di o Sr. Currás, que intervén seguidamente, que unha verdade a medias é a peor das mentiras, e explica que na Comisión Executiva do Consorcio de Santiago, anterior ao pleno ordinario deste concello, o señor Reyes falou con el e lle dixo que retiraba ese punto da orde do día, polo tanto non é que o retirase o grupo de goberno. É máis, cando na sesión se chegou ao punto correspondente, o Sr. Alcalde preguntoulle ao señor Reyes se quedaba retirado, e o concelleiro contestou afirmativamente. Efectivamente o sr. Reyes presentou unha solicitude de compatibilidade o día 2 de xaneiro de 2013, pero a solicitude tiña un defecto, pois conforme ao Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, é preciso non só que informe o Concello de Santiago, senón tamén que é preceptivo que a autoridade do segundo posto de traballo, é dicir, a Universidade de Vigo, informe favorablemente, o que non se tiña producido. O único que había o día 2 de xaneiro era unha declaración do Sr. Reyes en relación co seu segundo posto de traballo. O informe preceptivo da Universidade de Vigo chegou ó Concello o día 24 de abril, e tardou en chegar porque o señor Reyes pediu a compatibilidade na Universidade de Vigo o día 12 de abril. O informe do vicerrectorado leva data do 16 de abril, por iso non puido chegar antes do 24.

Do anterior se conclúe que con anterioridade o Sr. Reyes estaba en situación irregular, posto que non solicitara a compatibilidade en prazo, porque non lle interesaba que se coñecera que dedica 24 horas semanais en Vigo a clase e titorias, e como mínimo dez horas de viaxe ao longo de mes, e se por cada hora de clase poñemos outra de preparación, chegaremos á conclusión de que o Sr. Reyes dedica a Vigo 58 horas ó mes, o que por suposto quería obviar. Dito noutras palabras, o señor Reyes, que pediu dedicación exclusiva á cidadanía de Santiago neste concello, adícalle á cidade de Vigo esas 58 horas, entre viaxes, titorias e preparación de clases, horas que o Sr. Reyes resta a ese compromiso que ten coa nosa cidade. E non basta con declara-lo horario, senon que evidentemente haberá que poñer enriba da mesa os honorarios. Está claro que unha cousa son os trámites administrativos, e outra a conveniencia política e ética do señor Reyes.

Dona Marta Álvarez-Santullano toma novamente a palabra, e indica que no único no que está de acordo co sr. Alcalde é en que unha verdade a medias é efectivamente unha mentira. O que presenta o Sr. Reyes o día 2 de xaneiro non é unha declaración xurada, senon unha solicitude de autorización de compatibilidade coa actividade pública secundaria de profesor asociado. Ademais, no informe do sr. Secretario que consta no expediente, o primeiro punto chámase “solicitude de compatibilidade do Sr. Reyes”.

No tocante ás horas de adicación á actividade secundaria, na certificación da Universidade de Vigo dise que o señor Reyes impartirá clases os venres de 4 a 8 da tarde, e que as titorías serán o mesmo venres pola tarde, de 3 a 4, e de 8 a 9, o que supón seis horas á semana, e polo tanto, vinte e catro horas ao mes.

En relación ao requirimento de documentación, tamén a concelleira discrepa do manifestado polo Sr. Alcalde, porque dende que se rexistra a solicitude de compatibilidade do señor Reyes non existe ningún documento formal para que se aporte nova documentación, e ese requirimento formal, de acordo co artigo 71 da Lei 30/92, tiña que facerse aos dez días de ter rexistrado o Sr. Reyes esa documentación no rexistro competente para resolvela. O único requirimento que se lle fixo ao Sr. Reyes foi verbal, e dende logo nos dez días seguintes á presentación da solicitude non se lle requiriu ningunha documentación adicional, pois se lle fixo saber que era o Sr. Alcalde o que solicitaba o informe á Universidade de Vigo. O único que consta no expediente é un informe favorable do secretario do Concello e nos seus termos levouse o expediente á correspondente comisión informativa, onde obtivo o ditame favorable dos tres grupos municipais.

Por outra banda, indica a Sra. Santullano que sorprende enormemente que fale o sr. Alcalde de adicación ao posto de voceiro do grupo socialista, cando o voceiro do grupo popular na anterior lexislatura, o Sr. Conde Roa, estivo máis da metade da lexislatura de Deputado en Madrid, onde residía de luns a xoves. Non pode dicir en absoluto o sr. Currás que dende Madrid o Sr. Conde se adicaba ós asuntos desta cidade, e dende alí loitaba por eles, porque se se entra na páxina do Congreso dos Deputados pódese mirar cal era a actividade parlamentaria en Madrid do Sr. Conde Roa, practicamente nula.

Xa para rematar, amósase tamén sorprendida a Sra. Santullano de que o Sr. Alcalde se preocupe pola compatibilidade do señor Reyes por impartir catro horas de clase á semana na Universidade de Vigo nun cuatrimestre, e non lle preocupe tanto que algún ex membro do grupo popular na anterior lexislatura e nesta tamén, estea incumprindo, segundo din as malas linguas, o artigo 75.8 da Lei de Bases de Réxime Local, que remite ao artigo 8 da Lei 5/2006, de regulación de conflitos e intereses dos membros do goberno e dos altos cargos da administración xeral do Estado, que é de aplicación a quenes ostentaran responsabilidades executivas nas diferentes áreas nas que se organiza o goberno local. Din así as malas linguas que certas persoas que pertenceron ó goberno local se pasean moito por este concello para algunhas cuestións, o que debера preocupar ao goberno municipal, sobre todo a quen lle corresponde poñer coto a este tipo de actuacións.

Por último, a concelleira di que non entende como a este expediente, informado correctamente, tramitado pola secretaría xeral, e co ditame favorable da comisión informativa, se lle están a poñer todo tipo de impedimentos.

O Sr. Alcalde intervén de novo, e afirma que o señor Conde Roa non tiña adicación exclusiva neste concello, pero o señor Reyes si vai cobrar por detentar dous postos de traballo. A vara de medir dos membros do grupo socialista é moi distinta segundo os casos, e así o señor Leiceaga, concelleiro no Concello e logo deputado, cando a señora Castelao estaba traballando na Consellería de Medio Ambiente, formulou unha pregunta no Parlamento relativa a como era que tiña dous traballos, un de concelleira e outro na consellería, cando aquí non tiña dedicación exclusiva.

O Sr. Currás adianta que o seu grupo vaise abster na votación, pois aínda que a compatibilidade sexa legal, a considera política e eticamente unha barbaridade.

A seguir, expón o Sr. Currás que o grupo socialista no Concello de Cuenca dicía en relación á solicitude de compatibilidade dun concelleiro do grupo popular que “en opinión del grupo municipal socialista, cuando un cargo público es elegido y en él se deposita la confianza de los ciudadanos para que ejerza con dedicación exclusiva la tarea que le delegan con su voto los conguenses, no puede pervertir este mandato y aprovecharse del puesto para conseguir una regalía que de otro modo no habria conseguido”, e indo un pouco máis lonxe di: “además con una falta total de transparencia, pues no dio ninguna sola explicación en donde impartía su docencia, ni el horario, ni las remuneraciones”, algo parecido ao que pasou aquí, e sigue máis e dí: “actitudes como la de este señor contribuyen a desprestigiar la clase política, puesto que lo único que ha hecho es aprovecharse de su cargo en el ayuntamiento” e dí algo máis: “los cargos con dedicación exclusiva cobramos del erario público y debemos dedicar el cien por cien de nuestro tiempo a los ciudadanos”. O que está a facer o Sr. Reyes é exactamente o mesmo que o portavoz socialista no Concello de Cuenca dicía dun membro do Partido Popular, polo tanto, efectivamente é legal, pero ética e políticamente é tremendamente difícil de aceptar, por iso o voto vai ser de abstención, e porque, en palabras do Bloque, a actitude do Sr. Reyes suporía deturpar o que é traballo público no Concello de Santiago.

Xa que logo, de conformidade co informe da asesoría xurídica municipal, e o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa sesión do día 18 de marzo, o Pleno da Corporación acorda por 10 votos a favor, dos membros presentes dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG, e 14 abstencións, dos membros do grupo municipal popular e da concelleira do grupo socialista Dona Rosario Valledor, ausente no momento da votación, autorizar ao concelleiro do grupo municipal socialista D. Francisco Reyes Santiás a compatibilidade do seu posto de concelleiro en réxime de dedicación exclusiva co de profesor asociado T3-P4 da Universidade de Vigo, no departamento de Organización de Empresas e Marketing, o que se notificará ao interesado e comunicará á Universidade de Vigo.

10.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á DEFENSA DO PARTIDO XUDICIAL DE SANTIAGO.

O Sr. Alcalde altera a orde do día da sesión e este punto pasa a tratarse ao final da mesma, alterándose a numeración dos asuntos a partir deste.

10. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUN PROGRAMA DE LOITA CONTRA A POBREZA.

O texto da proposición é o que segue:

“En Galiza, máis de 650.000 persoas están por debaixo do limiar da pobreza e as que chegan con dificultade a fin de mes non deixan de aumentar. A realidade é que no noso país hai 91.000 fogares con todos os membros activos en situación de desemprego e 30.000 sen ningún tipo de ingresos, datos que o sitúan á cabeza da UE en pobreza infantil. Cada vez hai máis vítimas dos recortes que quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social e máis persoas quedan sen fogar. Santiago de Compostela non é allea a este grave panorama, o que dilúe o futuro socioeconómico da nosa cidade, con 22.000 persoas en risco de exclusión social e 4.000 en situación de pobreza severa. Por este motivo, tamén dende a Administración local, deben os servizos sociais públicos garantir o dereito de apoiar as persoas que o precisen coa prioridade de evitar a fame e a perda de fogar, aspectos fundamentais de cara á inclusión social.

Preténdese, pois, que o Concello de Santiago desenvolva unha actuación transversal, integral e coordinada cos colectivos sociais e coas demais administracións públicas para combater a miseria. Para iso, o BNG propón consignar unha dotación de 400.000 euros nos orzamentos municipais de 2013 para este Programa de loita contra a pobreza, ademais de 500.000 euros para pór en marcha un Plan de emprego xuvenil, que se sumarían aos recursos xa orzados neses departamentos, posto que a mellor protección social é a creación de postos de traballo estábel.

Entre os obxectivos deste programa que propón o BNG de loita contra a pobreza en Santiago de Compostela, ha de figurar un punto específico, reforzo das actuacións existentes, destinado a fomentar o benestar da infancia en situación de risco ou de exclusión social, así como atender á prestación de servizos socioeducativos, de atención ás persoas discapacitadas e dependentes, á reinserción social e á empregabilidade de grupos vulnerábeis.

A prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitirán contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen, precisamente, as persoas máis débiles que acaban sendo as principais vítimas en tempos de crise.

Este programa irá encamiñado a reducir a fame, a pobreza, as desigualdades e as inxustizas sociais, co obxectivo de frear o avance da pobreza extrema e de sentar as bases dunha recuperación social máis equitativa para saír da crise canto antes. Cómpre, pois, traballar dende a administración máis próxima á cidadanía mais cunha óptica transversal e pór as bases para garantir a educación primaria universal, o impulso da igualdade de xénero, a detención da propagación de enfermidades e a promoción da sustentabilidade ambiental, factores recoñecidos como fundamentais na loita contra a pobreza.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago emprenderá un programa urxente e específico de loita contra a pobreza e a exclusión na cidade, en coordinación cos diferentes axentes institucionais e sociais que traballan neste ámbito.”

Don Rubén Cela comeza a súa intervención neste punto dicindo que antes lle preguntaba unha concelleira do grupo popular porque viñan tan de negro, e lle responde agora dicindo que é unha sorte de loito simbólico por todo o que está a acontecer neste concello, e tamén polo negro futuro que agoiran moitas das políticas económicas e sociais que o Partido Popular está a aplicar nas diferentes administracións públicas.

Precisamente a crise sistémica que padecemos primeiro, e as políticas ultraneoliberais aplicadas despois, teñen sumido ó Estado español, a Galiza e a Santiago, nunha situación límite, e o peor, se non somos capaces de evitalo, posiblemente aínda estea por vir. Só temos que analizar as novas medidas impostas pola troika e asumidas polo goberno español, como por exemplo, unha nova reforma das pensións, que se traducirá en cotizar máis anos, e cobrar menos pensión, iso si, acompañada do copagamento, cando non privatización, de moitos dos servizos médicos e sociais empregados polos nosos maiores, pensións, acceso á xustiza, educación, sanidade, dependencia, e servizos sociais ou función pública. Di o Sr. Cela que se non é de interese do sr. Alcalde o que está a relatar, non ten ningún problema en parar.

O Sr. Alcalde responde que tamén o Sr. Cela interrompeu a sesión en dúas ocasións, coa súa entrada e a do seu compañeiro, o Sr. Vilar, e pide ao Sr. Cela que se limite a intervir neste pleno, ao que o Sr. Cela responde que tamén o Sr. Alcalde debe limitarse a ordear o debate. Prosegue o concelleiro a súa intervención dicindo que desgraciadamente hoxe existe un panorama no Estado, en Galiza e en Santiago que parecería imposible fai uns anos. Teríamonos que remontar a etapas predemocráticas para ver situacións tan difíciles, pois o desemprego e os recortes nalgún deses servizos básicos, a redución de cuantías dalgunhas prestacións, a exclusión do acceso de grupos de cidadáns e cidadás a servizos elementais teñen introducido miles de fragmentacións sociais sen precedentes.

Facendo unha compilación dalgúns dos últimos datos coñecidos da EPA e do CIS, do Instituto Galego de Estatística e de informes de ONGS como Cáritas ou Unicef podemos chegar a unha foto fixa que non admite moitas discusións. No conxunto do Estado atopámonos con que máis do 27% da poboación activa está en paro, o que supón a escalofriante cifra de 6,2 millóns de parados, case 2 millóns de familias teñen a todos os seus membros en paro, e hai máis de 600.000 familias desempregadas que non reciben ningún ingreso. Non falemos da taxa de desemprego xuvenil, record do 57,2%, da emigración ou do que pasa con colectivos dos máis vulnerabeis, como son os emigrantes, os discapacitados ou a infancia.

Segundo Cáritas, só hai dous países na Unión Europea con maior diferenza entre ricos e pobres, e con maiores índices de pobreza infantil que o Estado español, e son Rumania e Letonia.

En Galiza, prosegue explicando o Sr. Cela, o panorama é igualmente desolador, con 287.400 persoas desempregadas, un 22,3%, 93.000 fogares con todos os seus membros en paro, e 33.000 familias sen ningún tipo de ingreso. En Galiza hoxe hai máis de 650.000 persoas que están por debaixo do limiar da pobreza, un 23% da poboación, e deles 120.000 atópanse nunha situación de pobreza severa, e as que chegan con dificultade a fin de mes non deixan de aumentar, pois segundo o último dato do Instituto Galego de Estatística, son hoxe 6 de cada 10 familias en Galiza.

No noso país hai 91.000 fogares con todos os membros activos en situación de desemprego, e 30.000 sen ningún tipo de ingresos. A estes datos hai que acrecentar situacións límite, como as 78.000 execucións hipotecarias levadas a cabo en Galiza ao longo do ano 2012, ou o aumento dun 24% das persoas preceptoras da RISGA no último ano, ou as 4000 persoas sen teito que malviven no noso país, e que por certo pasan fame, a pesares do que diga a conselleira, Beatriz Mato, que onte afirmaba con rotundidade no Parlamento Galego que en Galiza ninguén pasa fame.

En Santiago, a situación non vai a mellor, máis ben todo o contrario, pois temos ún dos peores comportamentos sociolaborais das cidades galegas, só por diante da cidade de Ferrol. Contamos con 13.400 desempregados, cunha taxa de paro do 25%, o que supón 3 puntos por riba da media galega, con sectores claves moi tocados, como o pequeno comercio, hostalería, universidade, ou o conxunto da función pública, por non falar xa doutros ámbitos industriais ou da construción. Esta situación laboral, combinada cunha política de recortes sociais sen precedentes, tennos conducido a unha situación límite, con 22.000 persoas en risco de exclusión social, é dicir, practicamente, unha de cada catro persoas en Santiago de Compostela está en risco de exclusión social, 4.000 nunha situación de pobreza severa, o 22,8% dos fogares de Santiago teñen como única fonte de ingresos unha prestación pública, máis de 200 persoas malviven na rúa ou en infravivendas, e máis de 200 familias en Santiago dependen da RISGA para poder comer.

Nese contexto cabe destacar o traballo desinteresado de centos de persoas a través de diferentes asociacións non gubernamentais. Na cociña económica, 300 persoas, case 100 máis que fai un ano, almorzan, comen ou cean todos os días; en 2012, a fundación amigos de Galicia repartiu alimentos a case mil familias de Santiago; o albergue de San Francisco non dá abasto, e por el pasan cada ano preto de 1000 pernotacións. Tamén a labor da Cruz Vermella é inxente, chegando a milleiros de persoas con ámbitos de actuación moi diversos, ao igual que Cáritas, que recibiu un 12% máis de peticións que o ano pasado, ou actuacións como a do fórum da emigración ou a plataforma polo emprego, só por citar algunhas.

Se non fose polo traballo desas entidades, sen lugar a dúbidas hoxe en Santiago teríamos un auténtico crak social, polo tanto, vaia por diante o recoñecemento do Bloque Nacionalista Galego á súa labor e tamén o apoio do seu grupo ó importante incremento que se produciu no exercicio pasado das axudas directas do Concello a estas entidades, por suposto sempre insuficientes.

Di o Sr. Cela que sen embargo ese traballo nunca pode ser a escusa para non asumir as responsabilidades que ten para cos seus veciños o Concello de Santiago, especialmente nestes momentos de dificultades.

A que acaba de relatar di o concelleiro que constitúe unha foto fixa, pero detrás dos números hai persoas, e detrás desas persoas auténticos danos cotiás, moitas veces invisibles, pero que todos notamos. Asistimos a un proceso de empobrecemento xeral, de desigualdade e exclusión social, sen precedentes dende o fin da ditadura. Este modelo de austeridade vulnera os dereitos humanos, e non nos deberíamos acostumar a convivir con ela con naturalidade e indiferenza, porque esa indiferenza faríanos cómplices.

Cree o Sr. Cela que non debemos aceptar resignadamente nin tolerar esa situación, pois pódese facer máis, e temos obriga ética como cidadáns e no caso dos concelleiros, a obriga política, como representantes públicos, de facer máis tamén dende o ámbito local, e esta é a razón que leva ao BNG a presentar a proposición que se está a tratar.

Nela básicamente dise que situacións excepcionais requiren de medidas excepcionais. Todos somos coñecedores do traballo realizado dende o departamento de servizos sociais, do que é público, e tamén do moitísimo traballo que se fai en silencio e coa discreción que se require, pero opina o concelleiro que entre todos deberíamos crear as condicións para que se puidera facer moito máis, en concreto, a través dunha actuación transversal integrada e coordinada cos colectivos sociais, e coas demais administracións públicas para combater a pobreza en Santiago. Para iso, dende o seu punto de vista son precisas tres cousas, vontade e consenso, recursos económicos e unha folla de actuación urxente con prioridades ben definidas. Eses tres ingredientes darían de si un programa urxente e específico de loita contra a pobreza e a exclusión na cidade, complementario ás accións que xa se veñen desenvolvendo e que se realizarían en coordinación cos diferentes axentes institucionais e sociais que traballan neste ámbito.

Referíase con anterioridade á vontade de consenso dende a perspectiva de que o seu grupo está disposto, dende logo, a chegar a ese consenso, a formar parte de calquera mesa de traballo, a apoiar as accións que dende o grupo de goberno se impulsen nesa dirección, e se hai un tema onde pagaría a pena aparcar as lexitimas diferenzas políticas e partidarias sería neste, pola súa gravidade e pola súa urxencia.

Tamén falaba o concelleiro de recursos económicos porque di que de boas vontades está o inferno cheo, e seguro que tamén está cheo de plans de actuación, plans estratéxicos e demais. Todo o que se propón, sen cartos detrás, non pasa de declaración de boas intencións; para iso o BNG propón consignar unha dotación de 400.000 euros nos orzamentos municipais de 2013 para este programa de loita contra a pobreza, ademais doutro medio millón de euros para por en marcha un plan de emprego xuvenil, que se sumaría xa aos recursos orzamentados nestes departamentos. Eses recursos complementaríanse con aportacións doutras administracións e incluso coa posibilidade de aportacións privadas.

E en último lugar fala o Sr. Cela dunha folla de ruta no moi curto prazo debidamente consensuada. Indica que intencionadamente non se incluíron na proposición propostas de actuación excesivamente concretas, porque cree que as prioridades deben ser marcadas de xeito conxunto entre a administración e as entidades sociais, pero é evidente que o fundamental sería o reforzo das actuacións xa existentes dun xeito rápido, pouco burocratizado e efectivo, encamiñado a reducir a fame, a pobreza, as desigualdades e as inxustizas sociais máis fortes, que xa hoxe existen en Santiago, co obxectivo único de frear o avance da pobreza extrema, e de sentar as bases dunha recuperación social máis equitativa para saír desta crise canto antes.

Regresan ó salón de Plenos os/as concelleiros/as Dona Rosario Valledor e D. Francisco Reyes.

Dona Mar Martín intervén a continuación, e indica que efectivamente a crise económica esta condenando á pobreza a sectores cada vez maiores da poboación. A fame, a

marxinalidade dos máis débiles, anciáns, mulleres, menores, enfermos, están todos os días nos medios de comunicación, pero detrás das cifras hai caras, nomes, apelidos, e é obriga das administracións buscar solucións, porque non podemos esquecer que son as institucións públicas as que están administrando os cartos dos cidadáns e cidadás, e que estes esixen que se distribúan para mellorar as condicións de vida da poboación.

Estamos asistindo ao desmantelamento do Estado en xeral, en aras dunha austeridade e aforro sen que importe quen caia neste proceso, como danos colaterais dunha catástrofe natural que non o é. Pódense instaurar medidas e aplicar políticas para loitar contra a pobreza, e isto require o consenso de todos, porque a todos afecta. Estas medidas estarían encamiñadas, efectivamente, por un lado a paliar a situación urxente das persoas que se atopan en extrema necesidade, orientándoas ao que serían axudas de emerxencia social, e acelerando ademais a súa tramitación, mobilizando e coordinando todos os recursos existentes na cidade, como se plantexa na proposición presentada polo BNG. Xa hai unha experiencia feita previamente dende a concellaría de benestar social, que non sabe se se mantivo no tempo, que pretendeu que todos os recursos se rentabilicen e coordinen para ter unha maior eficiencia e eficacia no que poderían ser as políticas sociais, sen esquecer que a grande responsabilidade está nas administracións, porque falamos de xustiza social, e non de caridade.

Impulsar medidas para o emprego, non só xuvenil, tamén é importante, con programas de axudas económicas e apoio ós novos sectores de iniciativa social que están surxindo na cidade, detectando as súas necesidades e favorecendo o seu desenvolvemento.

Finalmente a concelleira mantén a obriga dos concelleiros de dar solucións conxuntas, por iso o grupo socialista apoiará a proposición do BNG.

Dona María Castelao inicia a súa intervención indicando que os datos ofrecidos con anterioridade están enmarcados dentro dunha situación de crise xeralizada no Estado español. Clarexa en primeiro termo que dende o goberno central se está a traballar a prol dos máis vulnerabeis, poñendo en marcha as reformas necesarias para saír da crise, e estamos comezando a ver os primeiros resultados. O obxectivo é volver a medrar e crear emprego, e faise isto dende o dialogo con espírito construtivo, con ánimo de colaboración e con responsabilidade, dentro desta situación que nos toca vivir, tanto en Galicia como en Compostela. Opina a concelleira que o que non se lle pode pedir a un goberno é que herdando unha situación con máis de cinco millóns de parados, de repente converta o noso país nun paraíso.

Explica logo a concelleira que dende o goberno central estanse a elaborar múltiples reformas para saír da crise, e sobre de todo, para salvagardar a situación dos máis débiles e os máis necesitados, porque o seu partido ten moi claro que a súa prioridade é axudar aos máis desfavorecidos e aos que peor o están pasando. Evidentemente hai que continuar coas accións iniciadas, impulsando unha actuación coordinada, transversal e integral de loita contra a pobreza, e o goberno central xa está a traballar niso. Entre esas medidas convén destacar o plan nacional de inclusión social 2013-2016, que estará baseado no concepto de inclusión activa, e incluírá especificamente un obxectivo adicado á pobreza infantil, para fomentar o benestar da infancia en situación de risco ou exclusión social, ou o Real Decreto de medidas urxentes de protección dos debedores hipotecarios sen recursos, destinado a atender as persoas que se queden sen vivenda. Por primeira vez hai un goberno que traballa

polos desafiuzados con máis mecanismos de seguridade fronte aos desafiuzamentos, co fondo social de vivendas recién creado e o novo plan de axudas aluguer, pois outros gobernos non só non fixeron nada cando xa se producían preto de oitenta mil desafiuzamentos, senón que tomaron medidas para axilizarlos, como a implantación dos desafiuzamentos exprés, ou os xulgados exclusivos para axilizar estes desafiuzamentos cando era ministra a señora Carmen Chacón.

Engade a concelleira que este goberno puxo en marcha un pacto de Estado sociosanitario, traballando coas comunidades autónomas para que garantan uns servizos sociais máis eficaces e próximos ás necesidades reais dos cidadáns, especialmente daqueles que máis o necesitan. Tamén se iniciou o plan da infancia 2013-2016, dotado con máis de cinco mil millóns de euros, sendo a primeira vez que se presenta un plan con dotación económica e se conta coas Comunidades Autónomas e os Concellos para levalo a cabo, sen esquecer o plan integral de apoio á familia.

A seguir, indica a Sra. Castelao que Galicia é unha das comunidades onde a taxa de pobreza baixou durante os anos de crise, xunto con Extremadura, Asturias, Murcia, Ceuta e Melilla. Para previr as situacións de pobreza e risco de exclusión social na nosa comunidade, a actual Xunta de Galicia, está tomando unha serie de medidas que redundan no beneficio da poboación, pois aínda que se incrementaron os usuarios, tamén medrou este ano un 38% o orzamento destinado á renda de integración social, e deste xeito destínanse 32,7 millóns de euros a este tipo de axudas co obxectivo de chegar a quen máis o precisa, sendo ademais un crédito ampliable.

Informa tamén a concelleira de que se incrementou tamén a partida para as axudas de emerxencia social nun 50% con respecto ao ano anterior, todo isto para garantir á poboación en risco de exclusión uns recursos económicos que permitan cubrir situacións de especial vulnerabilidade, e ademais en situacións de máxima emerxencia. Asemade, neste período de sesións entrará tamén no Parlamento de Galicia a nova lei de inclusión social de Galicia, froito do diálogo social.

Indica a concelleira que tamén se asinou un convenio de colaboración entre a Xunta, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a FEGAMP, ao que se adhirirá o Concello na próxima Xunta de Goberno, para coordinar medidas entre todos e nos casos de desafiuzamentos nos que se detecten supostos especiais de vulnerabilidade.

Galicia de feito é a primeira comunidade autónoma en protocolizar as actuacións dos xuíces, dos servizos sociais municipais e da propia administración. Dende a Xunta de Galicia non se reduciu nin un só euro a partida destinada ao plan concertado con respecto ao 2012, e se temos en conta a contía destinada ao servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia, un concepto que antes estaba englobado no antigo plan concertado, mesmo se produce un incremento importante. Ademais, a Xunta coordinouse coas deputacións provinciais para colaborar na prestación dos servizos de teleasistencia do servizo de axuda no fogar nos concellos máis pequenos. Así pois, a partida global de financiamento dos servizos sociais comunitarios, xunto coa destinada ó servizo de axuda no fogar de dependencia, non só non diminúe no 2013, senón que se incrementa en máis de seis millóns, pasando de 40,1 millóns que había para servizos comunitarios básicos cos concellos, máis servizo de atención no fogar de dependencia, a 46,2 millóns, o que significa un crecemento do 15%.

Dona María Castelao di a seguir que a proposición do BNG fala da necesidade de traballar contra a pobreza e exclusión na cidade, en coordinación cos diferentes axentes institucionais e sociais que traballan neste ámbito, e lido isto, parece que aquel grupo político non ten moi claras as competencias coas que contan os municipios, especialmente as que se establecen pola lei de grandes cidades. Traballar para eliminar a pobreza en coordinación coas entidades xa se fai dende servizos sociais por obriga legal, xa que é unha das competencias básicas coas que contan os concellos, exercidas aquí con grandes doses de compromiso, tanto do persoal dos servizos sociais como do persoal de todas as entidades que colaboran a diario co Concello.

Suliña tamén a concelleira que este goberno duplicou as axudas a entidades que son fundamentais para o desenvolvemento do traballo dende o Concello. Entre estes convenios atópase por exemplo o do Albergue de Xoán XXIII para o servizo de aloxamento e acollida nocturna e diurna para transeúntes e persoas que o necesitan por estar en situación de emerxencia social ou sen fogar.

O actual goberno municipal non fala de proxectos nin de programas, porque prefire os feitos. Así, o que fixo foi pasar dos 17.000 euros que o goberno anterior destinaba a estes fins no ano 2011, a 40.000 euros nos anos 2012 e 2013. Os cartos destinados a Cáritas, organización que traballa especificamente con persoas sen fogar, pasaron de 35.000 euros a 70.000 euros, e en canto á pobreza infantil mellorouse o servizo de asistencia á infancia, cando co servizo de canguros que anteriormente se prestaba o único que se conseguía era dotar a diferentes eventos dun servizo de canguros, nun 90% dos casos. Pola contra, agora trabállase especificamente coas unidades familiares e individualmente con cada neno. Foi tamén o goberno bipartito o que modificou o traballo da unidade de atención ás familias, evitando que as educadoras acudisen aos fogares e coñeceran de primeira mán a problemática de cada neno en situación de risco. Sen embargo, agora mesmo estase traballando nun replantexamento para un mellor aproveitamento dos recursos cos que conta esta unidade co obxecto de relanzala. Este é un segundo paso dentro do traballo que xa se ten feito para a restructuración do servizo, favorecendo a atención máis rápida de casos en ocasións urxentes, creando a tal efecto o servizo de primeira atención que posibilitou este obxectivo, evitando listas de agarda de meses nas que moitas veces, por agardar tanto, se chegaba xa tarde a moitos casos de emerxencia.

Trabállase tamén a través do servizo de inclusión sociolaboral do concello, integrado no servizo de emprego, permitindo por primeira vez a mellora da formación das persoas desempregadas en risco de exclusión. Esta integración levouse a cabo a comezos da lexislatura, permitindo o acceso a cursos de formación e tamén a ofertas de emprego deste colectivo coa normalidade de calquera outra persoa, podendo deste xeito incluírse na axencia local de colocación. Este servizo complementase tamén coa renda de integración social da que se falou con anterioridade, e que permite prestar axuda a persoas que contan cun proxecto específico de integración social e laboral. Indica tamén a concelleira que actualmente a rede Compostela Integra, creada na anterior lexislatura, se atopa en ampliación coa integración de novos organismos.

Indica tamén a sra. Castelao que nesta lexislatura reocupouse algún piso dos que contaba o Concello en propiedade en Fontiñas destinándoo a entidades que traballan directamente con nenos/as en risco de exclusión, como Cáritas ou Red Madre.

Di a seguir Don Rubén Cela que escoitando a intervención da señora Castelao, como mínimo se chega á conclusión de que en Santiago non hai ningún problema de pobreza. Lamentablemente, as súas palabras non se convirten en realidade, pois do contrario seríamos todos bastante máis felices, e sairíamos hoxe todos moito máis contentos deste pleno.

A realidade de Santiago, sen embargo, é que case unha de cada catro persoas viven en risco de exclusión social, que hai catro mil persoas nunha situación de pobreza severa, e que o 22% das familias de Santiago subsisten con algún tipo de subsidio público, que é o único ingreso que entra nas súas casas. Que se está facendo moito e ben non é discutible, incluso o concelleiro fixo un recoñecemento expreso ó traballo dos servizos sociais deste concello, sen embargo estamos diante dunha situación excepcional que requiriría por parte dun bo goberno unha resposta excepcional, e isto é urxente, non vale para pasado mañá. Sinte o sr. Cela que o Partido Popular estea permanentemente á defensiva, porque a proposta do seu grupo presentouse coa vontade de chegar a un acordo político, de feito nin sequera se indican actuacións alternativas ás que se veñen facendo, pois só se propón unha dotación extraordinaria de fondos e unha priorización das actuacións a levar a cabo, mediante decisión conxunta.

Da intervención da concelleira deduce o Sr. Cela que o grupo popular non vai apoiar a proposición, pero invita o concelleiro á reflexión para retomar o tema noutra ocasión.

En canto ás políticas do partido de goberno a nivel do Estado, opina o Sr. Cela que el e a Sra. Castelao non é que vivan en países diferentes, senon que o fan en galaxias distintas. Dixo a concelleira que o Partido Popular é a salvagarda dos máis débiles, pero a reforma das pensións que se vai acometer significará que traballemos máis anos, co que o período de cómputo para calcular a pensión vai ser toda a vida laboral. Por certo, en Galiza temos as pensións máis baixas do Estado, pero é que agora mesmo nos dín dende Bruxelas que aínda se poden reducir un pouquiño máis, e iso o que vai facer é que quen teña diñeiro terá seguros privados e quen non o teña vivirá unha vellez moi complicada.

No que atinxe ó IVE, contra o que tanto protestou o Partido Popular, o resultado é que o incrementou, pero non o fixo coas SICAV, que tributan ó 1%, nin levou a cabo a reforma estrutural do IRPF para que precisamente as grandes fortunas contribúan máis nos momentos de crise. Coa suba do IVE precisamente o que medra é o prezo do leite, da auga ou da luz para ese pensionista que vive con 400-500 euros, ou para ese parado que está malvivindo, por non falar do copagamento de servizos básicos, sexan sanitarios, sexan de servizos sociais ou de medicamentos, ou das taxas xudiciais, creando unha xustiza para ricos e unha xustiza para pobres.

Certamente hai entidades en Santiago, relixiosas e non relixiosas, que levan a cabo unha labor moi importante, e o Sr. Cela quere facer un recoñecemento público hoxe a todo ese traballo, e a toda a xente que traballa voluntariamente nestes ámbitos, pero pregunta á Sra. Castelao se sabe o que pasaría en Santiago de Compostela se mañá se lle dera por pechar á cociña económica ou ó albergue de Xoán XXIII, ou se non houbera determinado tipo de actuacións. O que o seu grupo propón, en definitiva, é reforzar os esforzos que o Concello está a levar a cabo, e se o grupo de goberno entende que non hai nada que reforzar, que non hai ningún problema de pobreza en Santiago, e que este non é un tema urxente e que mereza

un esforzo especial é que viven nun mundo distinto do que ve o Sr. Cela. Non obstante, o concelleiro seguirá insistindo no seu propósito, na creencia de que éste era ún dos temas nos que pagaba a pena facer un esforzo e atopar puntos de encontro, porque desgraciadamente a situación é tan grave que é unha magoa non chegar hoxe a un acordo unánime.

Dona Mar Martín, pola súa banda, insiste na necesidade de seguir avanzando, e non vai meterse nas políticas nacional ou autonómica, porque o que agora lle interesa é o que podemos resolver aquí, coordinando todos os esforzos e destinando máis recursos para esa coordinación, pois podería sorprender o que teñen que aportar moitas organizacións que están a traballar no ámbito social para saber cales son os problemas e onde falla a cobertura para dende o Concello poder axudar, seguir avanzando e detectar situacións de pobreza que non só se ven na rúa ou na cociña económica. Ademais, tamén coexiste a necesidade de aumentar as axudas de emerxencia social de xeito espectacular con respecto a outras épocas, con independencia de detectar bolsas de emprego para poder traballar coa xente máis xove, que xa está a impulsar novas formas de desenvolvemento económico.

Dona María Castelao responde que día a día ve a situación que viven moitos composteláns que pasan polas dependencias do departamento de servizos sociais, e que falan directamente con ela para pedir axuda, pero como xa indicou con anterioridade, confía nos recursos cos que conta e no traballo que leva a cabo o seu departamento. Parécelle mentira que a Sra. Martín non coñeza a forma de traballar da área social, porque existen numerosas coordinadoras de barrio e mensualmente se traballa con todas as entidades, coas que se manteñen reunións precisamente para falar destas cuestións, entre elas da entrega de alimentos ás familias, o que supón unha forma fundamental de coñecer ós usuarios que pasan polos servizos sociais.

Por outra banda, as medidas excepcionais das que falaba o señor Cela tomáronse ao comezo desta lexislatura, cando xa estaba recoñecida unha situación de crise extrema nesta cidade, permitindo dese xeito que hoxe non se entenda necesaria a creación dun plan específico. O seu goberno, en lugar de malgastar os fondos públicos en creación de plans, o que fai é actuar, e así máis de mil cincocentas consultas foron resoltas no servizo de primeira atención, paliando en moitos casos urxencias que noutros casos non sería posible afrontar.

Polo que respecta á solicitude de aumentar as axudas, explica a concelleira que cando a Sra. Martín estaba ao fronte do departamento de servizos sociais, no ano 2008 tiña presupostado 190.800 euros para mapis, mentres no ano 2013 hai 340.000 euros, o que é un aumento substancial. É máis, no ano 2011, cando xa había crise, o goberno anterior presupostaba para esta finalidade 230.000 euros, e de 230.000 a 340.000 tamén hai un notable incremento.

Nas axudas a entidades pasouse de 134.000 euros no ano 2008, a 400.000 no ano 2013, cando no 2011 a contía era de 181.000 euros. Entende por tanto a Sra. Castelao que se fagan recoñecementos agora ao traballo das entidades, pero no goberno anterior, e cando xa había crise, o bipartito non facía ese recoñecemento económico que solicita agora.

Outro exemplo que cita a Sra. Castelao son as becas-comedor, un recurso fundamental tamén para atender ás familias, ós nenos e nenas en risco. No curso 2010-2011 o goberno anterior atendeu tan só 79 solicitudes de bolsas, quedando 62 bolseiros en listas de agarda, e pola contra, no curso 2012-2013, o que fixo o actual goberno foi adaptarse ás necesidades

que día a día se xeneran, permitindo que se concederan 219 bolsas, sen deixar a ninguén en lista de agarda, porque se aumentou a partida. Precisa a concelleira que nunca os servizos sociais estiveron tan adaptados ás necesidades que día a día xorden, e aínda que é evidente que calquera recurso a maiores é beneficioso para prestar o servizo, a verdade é que este goberno, na situación económica na que se atopa, está facendo un profundo esforzo para poder dotar á área social socialil dun importante orzamento. Repite que o equipo de goberno non cree na necesidade de pagarlle a unha empresa 68.000 euros, que o anterior goberno gastou adxudicando a redacción dun plan de servizos sociais a unha empresa técnicamente pouco preparada, e prefire destinalos a Cáritas ou a albergue de Xoán XXIII.

De todos os xeitos, amósase a Sra. Castelao aberta sempre ao diálogo e á aportación de ideas por parte da oposición, e ela non vai ser quen lle peche as portas nin ao Bloque Nacionalista Galego nin ao Partido Socialista respecto a calquera opinión de mellora para os servizos sociais municipais, pero o que non acepta é demagogía.

Intervén para rematar o debate do presente asunto o Sr. Alcalde, que di que o goberno anterior estivo anos ao mando do Concello, nos que tivo ocasión de poñer en práctica o que agora demandan. Pola contra, preferiron facer plans e deseños, e gastar 60.000, 65.000, 42.000 ou 58.000 euros, e resulta que parte deses plans nin se aplicaron nin se podían aplicar. Agora, evidentemente o actual prefire axudar a Cáritas, á cociña económica, ao proxecto down, ou ao proxecto home, entidades do terceiro sector, que son as que están a facer un esforzo enorme e continuado no difícil contexto actual.

Quixera o Sr. Currás saber cantas reunións tivo o anterior goberno con Cáritas, coa cociña económica ou con proxecto home, pois ó mellor lle chegaban os dedos da man para contalas. O goberno popular, pola contra, incrementou as aportacións que tiñan estas entidades do terceiro sector, nun momento no que axuda é fundamental.

Rematado o debate, por 12 votos a favor dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e BNG, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular, o Pleno da Corporación acorda rexeitar a proposición do grupo municipal do BNG relativa á creación dun programa de loita contra a pobreza.

11. DESIGNACIÓN DE CONSELLEIROS NA EMPRESA MUNICIPAL INCOLSA.

A proposta da Presidenta do Consello de Administración da empresa municipal INCOLSA, que leva data do pasado día 22, exprésase nos seguintes termos:

“**ACREDITADA** a necesidade de proceder ao nomeamento de novos Conselleiros/as do Consello de Administración da Sociedade “**INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, SOCIEDADE ANÓNIMA**”, tendo en conta que se produciron cambios na composición do Pleno da Corporación.

CONSIDERANDO que de acordo co disposto no art. 13 dos Estatutos da citada sociedade, corresponde á Xunta Xeral constituída en Pleno da Corporación o nomeamento dos novos conselleiros.

Por medio da presente

PROPOÑO:

Primeiro:- Que polo Pleno da Corporación se nomeen como novos Conselleiros do Consello de Administración de INCOLSA aos seguintes concelleiros do grupo municipal do PP:

-Dna. María Castelao Torres, en substitución de Dna. Paula Prado del Río quen cesou como membro da corporación e vogal do Consello de Administración de INCOLSA con data de efectos do día 1 de febreiro de 2013.

-Dna. María de los Ojos Grandes Pardo Valdés, en substitución de Dna. Cecilia Sierra Rei, que cesa no seu cargo de vogal do Consello de Administración de INCOLSA, con data de efectos do día 31 de maio de 2013.

Segundo:-Que se de conta do presente acordo ao Consello de Administración de INCOLSA para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

Xa que logo, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade nomear como novas conselleiras do Consello de Administración de INCOLSA ás seguintes concelleiras do grupo municipal popular:

* Dona María Castelao Torres, en substitución de Dona Paula Prado del Río.

* Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés, en substitución de Dona Cecilia Sierra Rey.

12. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Á vista do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 22 de maio, dáse conta ao Pleno da Corporación do Decreto do 26 de febreiro de 2013 do Tribunal Supremo, mediante o cal se declara deserto o recurso de casación interposto por M^a Dolores Peleteiro Ramos contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 18 de outubro de 2012, recaída no procedemento ordinario 5415/2003, interposto pola mesma recorrente, contra a aprobación definitiva da Modificación do PXOM para a creación da ordenanza especial OE-4 (Colexio Manuel Peleteiro).

13. SOLICITUDE DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO Á ASOCIACIÓN REDE CIVINET ESPAÑA E PORTUGAL

De conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 22 de maio, o Pleno da Corporación, por unanimidade, ratifica o seguinte acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela en sesión que tivo lugar o pasado día 8 de maio, sobre adhesión do Concello á asociación rede CIVINET España e Portugal:

“NÚMERO 17.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á SOLICITUDE DA ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN REDE CIVINET ESPAÑA E PORTUGAL.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible e do informe do director de Área de Urbanismo e Infraestructuras, ambos os dous relativos á solicitude da adhesión á Asociación Rede Civinet España e Portugal.

O devandito informe é do seguinte teor literal:

“Coa denominación Rede CIVINET España e Portugal constitúese unha ASOCIACIÓN ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

ANTECEDENTES:

A Asociación constitúese como continuación do traballo realizado baixo o proxecto europeo subvencionado pola Dirección Xeral de Movilidad da Comisión Europea, CIVINET, desenvolvido desde decembro de 2009, consistente na implementación e desenvolvemento dunha Rede CiViTAS nos países de España e Portugal que aglutine a entidades públicas e privadas preocupadas pola movilidad sostenible. Mellorar xa que logo a movilidad sostenible no ámbito da Asociación sería o principal fin, aglutinando a cantas entidades interesadas sexa posible.

Deste xeito, promóvese a iniciativa Europea CiViTAS (www.civitas.eu) principalmente nos dous países que se inclúen no seu denominación.

- E así, mellórase a Comunicación dos resultados obtidos pola iniciativa Europea CiViTAS entre os membros da Rede, e destes membros coa Comisión Europea.

FUNDAMENTOS:

A xestión da complexidade nas grandes cidades precisan dun inxente esforzo de renovación especialmente no seu desenvolvemento. A actual situación de crise económica e contención do gasto, fan reformular novas iniciativas non baseadas exclusivamente na execución de obras senón nun rumbo da cidade cara a un novo modelo de planificación e xestión intelixente, que integre a tecnoloxía nun enfoque estratéxico de cidade para a sustentabilidade e calidade de vida dos cidadáns.

Unha cidade intelixente é un espazo urbano renovado que fará uso das tecnoloxías. O desenvolvemento das cidades intelixentes nun novo marco de desenvolvemento urbano son pois, un mercado emerxente e motores de crecemento da economía moderna.

É preciso, iniciar unha nova planificación da cidade baseada na xestión intelixente e a sustentabilidade co emprego das novas tecnoloxías, sendo preciso para iso iniciar unha folla de ruta para concluír unha Axenda Digital.

O Decreto de Alcaldía de 25 de outubro de 2012 resolveu delegar na Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica, María Pardo Valdés, a coordinación e xestión dos estudos e actividades necesarias para concluír un proxecto global de cidade intelixente, a recopilación de información, e as solicitudes de subvención de

fondos para a execución da mesma, implicando a todos os departamentos con competencias na materia.

Posteriormente, para a materialización práctica deste proxecto global de cidade intelixente procedeuse por Acordo da Xunta de Goberno local de 10-1-2013, á creación dunha organización permanente multidisciplinar e de carácter transversal, que aglutina aos diferentes departamentos con competencias na materia, e de composición mixta, política e técnica.

- Comisión municipal de sostenibilidade e sociedade da información.
- Creación da Oficina técnica de proxectos: integrada polos responsables das áreas implicadas na materia.
- Creación dos diferentes Grupos de traballo.

De acordo cos Estatutos da Rede CIVINET España e Portugal, son fins e obxetivos desta entidade os seguintes:

Artículo 3. La existencia de esta Asociación tiene como fines:

- El intercambio de experiencias y de mejores prácticas en estrategias, políticas, planes y medidas de movilidad sostenible, así como otros temas que puedan resultar de interés para la red, como medio ambiente, planificación urbana, ahorro e implementación de medidas energéticas o cualquier otra cuestión principalmente enfocada al desarrollo sostenible principalmente urbano.
- Acercar a las entidades (con personalidad jurídica), como socios, los proyectos europeos y servir de informador de las iniciativas.
- Promover los proyectos europeos entre las entidades o en la misma asociación.
- Realización de trabajos en favor de la movilidad sostenible.

Artículo 4. Para el cumplimiento de estos fines se realizarán las siguientes actividades:

- Realización de comunicaciones e información a sus miembros sobre actividades en cuanto a movilidad sostenible a nivel nacional, europeo o internacional.
- Organización de eventos relacionados con la movilidad sostenible. Principalmente tendrá como objetivo el intercambio de experiencias en el ámbito de movilidad sostenible, así como información de nuevas tecnologías o de presentación de estrategias o políticas referentes.
- Información y en su caso realización de proyectos europeos, enfocados a mejorar la movilidad sostenible urbana, aunque susceptible de otros temas relacionados anteriormente.
- Ayuda para la preparación y realización de proyectos europeos a los miembros o a entidades externas si así se decide por Junta Directiva y son estratégicos para conseguir los fines de la asociación.
- Realización de proyectos y trabajos relacionados principalmente con la movilidad sostenible.
- Promoción de Acuerdos que muestren la política y el pensamiento de la Red.

A Disposición adicional quinta da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local:

1. Las entidades locales pueden constituir asociaciones, de ámbito estatal o autonómico, para la protección y promoción de sus intereses comunes, a las que se les aplicará su

normativa específica y, en lo no previsto en él, la legislación del Estado en materia de asociaciones.

2. Las asociaciones de entidades locales se registrarán por sus estatutos, aprobados por los representantes de las entidades asociadas, los cuales deberán garantizar la participación de sus miembros en las tareas asociativas y la representatividad de sus órganos de gobierno. Asimismo, se señalará en los estatutos la periodicidad con la que hayan de celebrarse las Asambleas Generales Ordinarias, en caso de que dicha periodicidad sea superior a la prevista, con carácter general, en el artículo 11.3 de la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación.

3. Dichas asociaciones, en el ámbito propio de sus funciones, podrán celebrar convenios con las distintas Administraciones públicas.

De tan escueta regulación, plasmada como un derecho a reconocer por cada Estado no artículo 10-2 de la Carta de Europa de Autonomía Local, únicamente cabe deducir:

1. Que os Municipios, as Provincias e cualesquiera outras entidades locais poden asociarse para a protección e promoción dos seus intereses comúns; aplicándose a esas asociacións unha normativa específica que aínda non foi dictada; polo que en defecto dela resulta de aplicación plena a regulación estatal en materia de asociacións.

2. Que son representélos das entidades locais, designados ao efecto, quen aproban os Estatutos; os cales deben garantir a participación dos asociados nos órganos de goberno e concretar a periodicidad das Asembleas Xerais Ordinarias cando sexa superior á prevista na Lei Orgánica 1/2002.

3. Que as asociacións de entidades locais poden formalizar convenios coas administracións públicas.

O proceso, por remisión da regulación establecida na Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, concrétese na Lei Orgánica 1/2002, Reguladora do dereito de Asociación; e, en concreto, nos artigos que se transcriben a continuación:

Artículo 5 Acuerdo de constitución

1. Las asociaciones se constituyen mediante acuerdo de tres o más personas físicas o jurídicas legalmente constituidas, que se comprometen a poner en común conocimientos, medios y actividades para conseguir unas finalidades lícitas, comunes, de interés general o particular, y se dotan de los Estatutos que rigen el funcionamiento de la asociación.

2. El acuerdo de constitución, que incluirá la aprobación de los Estatutos, habrá de formalizarse mediante acta fundacional, en documento público o privado. Con el otorgamiento del acta adquirirá la asociación su personalidad jurídica y la plena capacidad de obrar, sin perjuicio de la necesidad de su inscripción a los efectos del artículo 10.

3. Lo establecido en este artículo se aplicará también para la constitución de federaciones, confederaciones y uniones de asociaciones.

Artículo 6 Acta fundacional

1. El acta fundacional ha de contener:

- a) El nombre y apellidos de los promotores de la asociación si son personas físicas, la denominación o razón social si son personas jurídicas, y, en ambos casos, la nacionalidad y el domicilio.
- b) La voluntad de los promotores de constituir una asociación, los pactos que, en su caso, hubiesen establecido y la denominación de ésta.
- c) Los Estatutos aprobados que regirán el funcionamiento de la asociación, cuyo contenido se ajustará a las prescripciones del artículo siguiente.
- d) Lugar y fecha de otorgamiento del acta, y firma de los promotores, o de sus representantes en el caso de personas jurídicas.
- e) La designación de los integrantes de los órganos provisionales de gobierno.

2. Al acta fundacional habrá de acompañar, para el caso de personas jurídicas, una certificación del acuerdo válidamente adoptado por el órgano competente, en el que aparezca la voluntad de constituir la asociación y formar parte de ella y la designación de la persona física que la representará; y, en el caso de las personas físicas, la acreditación de su identidad. Cuando los otorgantes del acta actúen a través de representante, se acompañará a la misma la acreditación de su identidad.

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela é o órgano legalmente competente para a aprobación dos estatutos da entidade, dacordo co establecido no art. 123.1(f da LBRL 7/1985.

Non entanto, o 23 e 24 de maio de 2013 realizárase na Cidade de Santander o IV FORO CIVITAS ESPAÑA e PORTUGAL no que se contempla a celebración da Asemblea Xeral da Rede CIVITAS España e Portugal, e a realización do propio IV Foro, así como a creación da Rede CIVINET España e Portugal como asociación.

Polo tanto, e co obxecto de poder acudir a esta Asemblea a participar no acto fundacional, e tendo en conta que o Pleno ordinario do Concello e posterior á mesma, pódese adoptar o Acordo na Xunta de Goberno e elevar posteriormente a súa ratificación ao Pleno do Concello.

Este Acordo deberá ratificarse polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela por ser o órgano legalmente competente, quedando sen efecto sen dita ratificación.”

Na súa virtude a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

1º) Aprobar a solicitude do Concello de Santiago para adherirse á Asociación “Rede CIVINET España e Portugal”, formando parte dela.

2º) Designar como representante do Concello á CONCELLEIRA DELEGADA DE

DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE, D^a María Pardo Valdés.

3º) Aprobar o Proxecto de Estatutos da Rede CIVINET España e Portugal, que figuran no expediente rubricados e selados polo concelleiro secretario suplente da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.

Este acordo será ratificado polo Pleno da Corporación, por ser o órgano competente para a aprobación dos estatutos da entidade, de acordo co establecido no art. 123.1.f) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.”

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ó Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións dictadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 6 de abril ata o 10 de maio de 2013 (núms. 1806 ao 2561, ambos incluídos), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

- Sesión ordinaria do día 4 de abril de 2013 (Núm. 24).
- Sesión extraordinaria urxente do día 9 de abril de 2013 (Núm. 25).
- Sesión ordinaria do día 11 de abril de 2013 (Núm. 26).
- Sesión extraordinaria urxente do día 12 de abril de 2013 (Núm. 27).
- Sesión extraordinaria urxente do día 15 de abril de 2013 (Núm. 28).
- Sesión ordinaria do día 18 de abril de 2013 (Núm. 29).
- Sesión extraordinaria urxente do día 19 de abril de 2013 (Núm. 30).
- Sesión ordinaria do día 25 de abril de 2013 (Núm. 31).
- Sesión extraordinaria urxente do día 29 de abril de 2013 (Núm. 32).

16. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 14 de maio de 2013, núm. 109.

Co fin de mellorar a seguridade viaria na Pontepedriña a accesos ao CEIP Ramón Cabanillas, solicítase:

1. Adoptar melloras de seguridade viaria coa instalación de resaltes na calzada, sinais preventivos ou coas medidas que estimen oportunas para diminuír a velocidade dos vehículos.
2. O enlace a través dunha pasarela peonil sobre o río Sar das dúas vías asfaltadas que chegan ao río por debaixo da rotonda, conectando así o barrio de Compostela-Cardenal Quiroga coa Pontepedriña sen tránsito rodado.

3, A apertura/recuperación dun acceso peonil dende o barrio de Sar ao colexio a través das Brañas.

4. Vixilancia da circulación en dirección prohibida pola rúa José Souto Paz.

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de maio de 2013, núm. 112.

Relativo a dar unha solución aos veciños de San Ignacio de Loyola, solicítase:

1. Unha reunión entre o Concello, IGVS, Universidade e afectados e afectadas pola cesión obrigatoria das vivendas de San Ignacio de Loyola para atopar unha rápida solución a este problema.

2. De non construírse as vivendas de maneira inmediata que se retire o termo expropiación do Plan Xeral.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 24 de maio de 2013, núm. 119.

Relativo á mellora da limpeza na cidade, solicitan se proceda á incorporación de novos colectores e, cando menos, á reposición dos que presentan un deficiente estado de conservación, modelo inadecuado á tipoloxía dos residuos ou unha capacidade que non se corresponda coas necesidades da poboación onde se localizan, co obxecto de mellorar a limpeza e imaxe da cidade, ademais de evitar potenciais problemas de salubridade por falta de hixiene urbana.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 10 de maio de 2013, núm. 108.

En relación á contratación do servizo de conservación e mantemento do Parque de Salgueiriños, formulan as seguintes preguntas:

1. Por que está paralizado o proceso de contratación? Se na mesma se fixo unha proposta de adxudicación, por que segue pendente?

2. Cales son os motivos polos que o Parque de Salgueiriños está sen atender?

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 20 de maio de 2013, núm. 111.

En relación co contrato do servizo de comedor escolar para os centros públicos de educación infantil e primaria, formulan as seguintes preguntas:

1. Vaise manter este servizo coas mesmas características ou semellantes para o curso 2013/2014?

2. Teñen algunha previsión para o inicio do proceso de contratación deste servizo?

PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 2 de maio de 2013, núm. 99.

Qué importe leva pagado o Concello de Santiago en concepto de xuros do préstamo para o pago a provedores de 12,7 millóns de euros?

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 23 de maio de 2013, núm. 118.

En relación coas reclamacións do pago das taxas por entrada de vehículos e/ou reserva de aparcamento exclusivo nos polígonos industriais da cidade, formulan as seguintes preguntas:

Cántas empresas deses polígonos tiñan solicitado o vado con anterioridade ao envío do requirimento do pago da taxa con carácter retroactivo pola entrada de vehículos e/ou reserva de aparcamento exclusivo nos polígonos industriais?

Solicítase o nome de cada unha das empresas que tiñan dato de alta o vado, así como a data de solicitude do mesmo.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 27 de maio de 2013, núm. 124.

En relación ao convenio que está previsto asinar coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e coa Sociedade Estatal de Augas da Cuenca do Norte, para a execución e explotación dunha nova estación depuradora, formulan as seguintes preguntas:

Por que no informe do interventor non figura o estudo das contías a achegar pola compra dos terreos para a nova EDAR?

De determinarse a ubicación final da Edar no lugar d'O Souto tería que modificarse o PXOM actual. Se finalmente a depuradora se instala n'O Souto, canto tempo levaría modificar o PXOM?

Ten o goberno municipal feito un estudo para saber o que subirá o recibo da auga e depuración? Nese caso, canto máis terán que pagar os veciños e veciñas de Compostela?

4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 27 de maio de 2013, núm. 125.

En relación ás obras dos colectores e interceptor do Sarela, formulan as seguintes preguntas:

Para cando a finalización das obras dos colectores e do interceptor do río Sar que estaba a desenvolver a empresa AVECONSA e que están paralizadas por AQUANORTE?

En qué momento se atopa o proxecto dos colectores do río Sarela?

Dona Elvira Cienfuegos intervén na defensa do primeiro dos rogos presentados polo BNG, co obxecto de que se adopten as medidas necesarias para mellorar a seguridade viaria na Pontepedriña, no acceso ao CEIP de Ramón Cabanillas. O rogo responde á preocupación da veciñanza, e dos/as usuarios/as do centro educativo, pois a velocidade nas rúas Amor Ruibal, Escultor Camilo Otero, e particularmente no vial Clara Campoamor, onde se manteñen catro carrís, é percibida como excesiva, xerando inseguridade sobre todo nos cruzamentos auxiliados por semáforos da rotonda de Pontepedriña, inseguridade que tamén ven provocada pola circulación en dirección prohibida pola rúa Souto Paz. A situación resulta máis preocupante precisamente porque esta zona é área de influencia do CEIP Ramón Cabanillas, e fai que por ela transiten ou poidan transitar a diario moitos nenos e nenas que forman parte do alumnado do centro. As rúas de Pontepedriña non son as únicas que ofrecen problemas ao alumnado, pois os accesos dende Sar pola falta de beirarrúas en Picaños, xusto co estreitamento da calzada, fan moi perigoso o camiño á escola.

Polo exposto, o BNG solicita do goberno municipal, en primeiro lugar a adopción de melloras de seguridade viaria coa instalación de resaltes na calzada, sinais preventivos ou as medidas que se estimen oportunas para diminuír a velocidade dos vehículos e garantir a seguridade das persoas e a súa percepción de ausencia de perigo.

En segundo lugar, o rogo solicita o enlace a través dunha pasarela peonil sobre o río Sar das dúas vías asfaltadas que chegan ao río por debaixo da rotonda, conectando así o barrio de Compostela-Cardenal Quiroga coa Pontepedriña, sen interferencia do tránsito rodado.

Pídese tamén a apertura ou recuperación dun acceso peonil dende o barrio de Sar a través das Brañas, pois aínda que o camiño tradicional perdeuse, seguramente non sería moi difícil recuperar a traza, e permitir o paso peonil, ou en bicicleta, o que faría máis agrada e menos arriscado o camiño ao colexio dende o barrio de Sar.

Por último instase tamén á vixilancia da circulación en dirección prohibida pola rúa Xosé Souto Paz, que aínda que parece producirse sobre todo fóra do horario lectivo, xera preocupación, e supón un risco engadido.

Don Luís García Bello responde, en relación co solicitado no punto número 1, que segundo o informe da unidade de atestados da policía local, efectúase control de velocidade por radar na zona indicada os días 22 e 23 de maio, que dá os seguintes resultados:

Na rúa Clara Campoamor controláronse un total de 329 vehículos, alcanzando unha velocidade media de 47 quilómetros/hora, que é inferior aos límites establecidos de 50 quilómetros/hora, denunciando a tres condutores por superar este límite.

Na rúa Escultor Camilo Otero controláronse 151 vehículos, alcanzando unha velocidade media de 31 quilómetros/hora, que é inferior aos límites establecidos de 40 quilómetros hora.

Na rúa Amor Ruibal controláronse un total de 157 vehículos, alcanzando unha velocidade media de 41 quilómetros/hora, inferior tamén aos límites establecidos, e tan só cun vehículo que superou este límite.

Indica tamén o concelleiro que dos puntos 2 e 3 do rogo se deu traslado á brigada de vías e obras e á concelleira de urbanismo, para estudar posibles alternativas, e con respecto ó punto número 4, practicouse unha especial vixilancia durante varios días da circulación en dirección prohibida pola rúa José Souto Paz, sen que se detectara ningún vehículo circulando en dirección prohibida, e si moi pouco tráfico rodado.

Non obstante, o anterior, estanse a estudar melloras na sinalización na zona de influencia do CEIP Ramón Cabanillas, sendo algunhas destas as posibles medidas a tomar:

Primeiro, completar a sinalización de límite de velocidade actual en 20 quilómetros/hora na rúa José Antonio Souto Paz.

Segundo, limitar a velocidade a 30 quilómetros/hora nas rúas Amor Ruibal e Escultor Camilo Otero e a 40 quilómetros hora na rúa Clara Campoamor.

E terceiro, o estudo contempla, así mesmo, como medida complementaria para reducir a velocidade, a instalación de bandas transversais de alerta con tacos de resalte de goma, pero éstas non poden instalarse nas proximidades de vivendas, xa que producen rúidos ao pasar os vehículos sobre as bandas, provocando molestias ás vivendas, polo que onde existan poderían instalarse bandas ópticas pintadas sobre o pavimento.

Dona Elvira Cienfuegos expón a seguir o contido do rogo relativo á cesión obrigatoria de terreos efectuada polos veciños de San Ignacio de Loyola, para efectuar a implantación da facultade de medicina, obxectivo estratéxico para o futuro non só da Universidade senón de Santiago. Nestes momentos os veciños están preocupados porque non saben que futuro lles espera, teñen aí as súas vivendas, a súa casa, polo tanto os seus recordos, os seus afectos e a súa vida, e dado que a eles se lles vai esixir un sacrificio singular para levar adiante un proxecto de cidade, debe tamén ofrecerselles a mellor solución.

No pleno ordinario de xaneiro de 2011 acordouse facilitarlles o realoxo no momento no que se producise a cesión obrigatoria das súas vivendas. Segundo relatan os veciños, o Partido Popular reuniuse con eles durante a campaña das eleccións municipais de 2011 e adquiriu o compromiso de que se chegaban á Alcaldía non habería ningún problema en realoxar aos veciños e veciñas nalgunhas das parcelas do SUNP-22. Tras dúas preguntas do BNG ao grupo de goberno distanciadas no tempo, e algunha reunión do grupo de goberno coa veciñanza, a solución aínda está por concretar, e a veciñanza segue preocupada. Polo anterior. O que o BNG demanda no rogo é unha reunión entre o Concello, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Universidade e os/as afectados/as pola cesión obrigatoria das vivendas de San Ignacio de Loyola para atopar unha solución rápida a este problema, e de non construírse ás vivendas de maneira inmediata, que cando menos se retire o termo expropiación do Plan Xeral.

Dona María Pardo manifesta que o grupo de goberno reuniuse en diversas ocasións tanto cos veciños de San Ignacio de Loyola, como coa Universidade, coa Consellería de Ordenación do Territorio, e coa de Sanidade (SERGAS), e a conclusión é que é difícil

atopar unha solución. Lembra que Dona Olga Pedreira, xa no ano 2011 interviu no pleno dicindo que o goberno municipal estaba pendente do novo paso que tiña que dar a Universidade. A Sra. Pardo sabe que a Universidade retomou este tema, saíu en prensa dicindo que o actual non é o mellor momento para atopar unha solución en canto á financiación da Facultade de medicina, pese a que o están a intentar. A concelleira entende que a solución sería que se constrúisen as novas vivendas polo IGVS e se realoxase aos veciños, pero non está pechada a estudar a desafectación dos terreos como dotacionais, porque toda persoa que ten unha propiedade ten dereito a ter a propiedade plena. Esta solución xa se adoptou nalgunha outra ocasión, como pasou en San Miguel dos Agros, posto que o noso plan xeral está cheo de dotacións para as cales non somos capaces de expropiar, e moitas delas afectan a vivendas de persoas que as teñen neste caso hipotecadas pola futura solución que ás veces se demora moitos anos.

Os intereses do Concello de Santiago neste tema son en primeiro lugar os dos veciños de San Ignacio de Loyola, e despois a construción da nova facultade de medicina da USC, por iso o goberno municipal está intentando atopar unha solución a un problema difícil nesta situación.

Dona Elvira Cienfuegos defende seguidamente o terceiro rogo formulado polo BNG, que pretende a mellora da limpeza na cidade. Afirmo a concelleira que se fai xa demasiado frecuente a presenza de lixo fóra dos contedores. Nalgúns casos pode deberse exclusivamente a malas prácticas por parte da cidadanía, que o goberno municipal ten que corrixir a través de campañas, ou se fose necesario de sancións; noutros casos súmanse razóns que se poden cualificar de estruturais, entre outras, contedores fóra de funcionamento, ou insuficientes para a cantidade ou a tipoloxía do lixo que teñen que recoller.

Moitos barrios e parroquias demandan contedores para as fraccións reciclabeis do lixo, e en zonas céntricas da cidade e mesmo en zonas de paso de turistas e peregríns, como a Porta do Camiño ou Casas Reais, os contedores son insuficientes, ou precisan de maior frecuencia de recollida para evitar que reborden a determinadas horas do serán.

Noutros casos trátase de contedores deteriorados polo uso, como algúns da rúa de San Pedro, ou con deseños que fan difícil a apertura, ás veces por falta de pedal auxiliar para levantar a tapa, auxilio especialmente necesario para as persoas de baixa estatura, a veces por engadidos con funcións estéticas que impiden un doado levantamento, ás veces por dispor de bocas de escaso tamaño para os residuos que teñen que recoller, por exemplo as bolsas de envases. O resultado é que o lixo é abandonado sobre a tapa ou a carón do contedor.

En resumo, di a Sra. Cienfuegos que estamos asistindo a un deterioro progresivo da imaxe da cidade, razón pola que o BNG solicita a incorporación de novos colectores, ou a posta en funcionamento dos instalados para que dispoñan de capacidade suficiente, en cantidade e tipoloxía, para as necesidades da poboación onde se localizan, e cando menos a reparación ou reposición dos que presentan un deficiente estado de conservación, e a substitución dos que están fóra de uso. Con estas accións contribuiríase a mellorar a recollida selectiva, e tamén a recuperar a calidade da hixiene urbana e a imaxe da cidade.

Para D. Juan de la Fuente Fuentes resulta sorprendente o contido do rogo do BNG. Esta cidade recibiu numerosos premios pola súa limpeza, e non é mérito seu nin dos anteriores concelleiros, senon da empresa concesionaria, que funciona moi ben. No ano 2011 repuxéronse 150 contedores, e no ano 2012, 130, o que significa 30 e 10 máis respectivamente dos que obrigaba o prego de condicións, e de momento non hai ningunha solicitude no seu despacho que non sexa atendida inmediatamente. Cando se fixo cargo da concellería atopouse, procedentes do anterior goberno municipal, 43 contedores soterrados cheos de auga e sen funcionar a maquinaria, e pouco a pouco estanse a sacar para adiante.

Engade que a concesionaria do servizo de limpeza, Urbaser, é unha empresa que está funcionando moi ben, de feito voluntariamente préstase a limpar as estatuas e fontes da cidade, cunha colaboración perfecta co Concello.

Evidentemente sempre hai en todo o proceso persoas que teñen establecementos, en concreto 11 do centro da cidade que están avisadas verbalmente e se van sancionar, que deixan tirado o lixo fóra do contedor despois das horas de recollida da concesionaria.

17. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de maio de 2013, núm. 116.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á solidariedade, hospitalidade e asistencia a inmigrantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 318 bis do anteproxecto de reforma do Código Penal confunde socialmente condutas ilícitas e inmorais da trata de seres humanos e abusos sobre as persoas migrantes en situación de vulnerabilidade, coas prácticas humanitarias de solidariedade, hospitalidade e asistencia a aquelas persoas que transitan carentes de documentación polo Estado español.

Un dos obxectivos desta norma, segundo o Foro Galego da Inmigración, é intimidar e negar toda forma de apoio a persoas en situación irregular co afán de deixalas sen ningún tipo de axuda ao non poder recibiren comida, roupa, protección, aloxamento ou diñeiro que eviten a súa situación de precariedade, ao tempo que contribúe para facer presión co fin de provocar o seu retorno ao lugar de orixe.

Debe desaparecer a tipificación como principio de oportunidade regulamentada que deixa en mans da Fiscalía e dos seus particulares criterios perseguir penalmente a axuda a unha persoa sen documentación cando concorran razóns humanitarias. O principio de humanidade non pode ser incriminado. A asistencia humanitaria e a solidariedade non poden ser penalizadas de maneira ningunha cando son movidas por sentimentos de hospitalidade e de xenerosidade. Baixo o pretexto de protexer as persoas estranxeiras

indocumentadas fronte ao abuso e ás mafias, increméntase de xeito exponencial a súa vulnerabilidade e prívaseselles de todo tipo de apoio, da solidariedade social. Esta reforma legal do Código Penal ten unha gran transcendencia ética e política: facer unha regra que fai ilegal os principios e os valores da solidariedade tan necesaria estruturalmente.

Estas normas deben de subsanarse, eliminando do Código Penal estas condutas (o artigo 318 bis do Código Penal), tanto a incriminación de comportamentos altruístas e humanitarios, como os feitos que se realizan con ánimo de lucro, para que as persoas que chegan ou están no Estado Español poidan ter uns mínimos para a supervivencia: alimentos, fogar, saúde, etc.

Ademais, a incriminación de calquera axuda ou apoio a unha persoa estranxeira en situación irregular incluso con ánimo de lucro, significaría que os cidadáns e as cidadás, a fin de respectar a lei penal, deben infrinxir outra. Trátase da establecida como delito de omisión do deber de socorro tipificada no artigo 195 do Código Penal.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago instará ao Ministerio de Xustiza a retirar o anteproxecto de reforma do Código Penal o artigo 138 bis, co obxectivo de non demonizar a solidariedade nin incriminar a hospitalidade ao perseguir penalmente estes comportamentos movidos por razóns humanitarias e altruístas.

2.- Non castigar penalmente as persoas que, con ánimo de lucro ou sen el, ofrezan servizos de subsistencia a estas persoas.

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 22 de maio de 2013, núm. 117.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para demandar a retirada da LOMCE, polo seu carácter centralizador e desgaleguizador.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de Lei orgánica para a mellora da calidade educativa significará, de se consagrar, un reforzamento de moitas cuestións totalmente negativas para o sistema educativo, que os axentes sociais e profesionais levan anos a denunciar. Este proxecto presenta un texto que fundamente centralizador, clasista e sexista, que mercantiliza a educación e pretende afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Entres estas eivas, non deixa de ser relevante a falta de diálogo social con que se pretende aprobar e desenvolver, sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política.

Para alén doutras consideracións, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade

plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español. Fronte ao dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico atendendo as distintas realidades, a LOMCE elimina a opción da inmersión lingüística, ao establecer un mínimo de materias nas dúas linguas cooficiais. Por outra parte, dentro dun proxecto xerárquico, as materias pasan a clasificarse en diferentes categorías e o galego deixa de ser lingua troncal e recibe, desta maneira, unha consideración inferior á da primeira lingua estranxeira. Nesta mesma liña, o proxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa, recollendo o ideario ideolóxico do Partido Popular, esconde baixo a falsidade dunha pretendida liberdade de idioma a posibilidade de non estudar en lingua galega, facilitando, con diñeiro público, a escolarización do alumnado que así o decidir en centros privados.

Levamos tempo asistindo a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores - políticos e mediáticos- que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo na Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua. Especialmente grave é que iso aconteza no ámbito educativo, pois está demostrado que sen competencia lingüística non pode haber uso lingüístico e, por tanto, o que esta lexislación pode provocar, se se aprobar, é a desaparición do galego ou a súa redución á mínima expresión dentro do ámbito do ritual e ocasionalmente consentido. Especialmente grave é a perda sistemática de exposición ao galego no ámbito urbano para a etapa infantil, de tal maneira que moitas nenas e nenos que viven en contornos xa fondamente castelanizados non obteñen as competencias reequilibradoras das desigualdades que o ensino debe garantir. De feito, no último estudo realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, a respecto da presenza da lingua galega nas aulas de ensino infantil das sete cidades galegas, o galego está ausente por completo no 95,04% dos centros. Segundo declaran os 282 centros consultados, a suma daqueles que empregan total ou parcialmente o galego no ensino de nenos e nenas de 3 a 6 anos non supón máis que un 4,96% do total, isto é, 14 colexios en todo o país.

A realidade correspóndese, pois, coa falta de dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes e coa exclusión de coñecemento do galego desde as idades máis temperás nun ensino cada vez máis castelanizado. O proxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa reforza aínda moito máis a idea de que os únicos deberes para as administracións públicas fiquen referenciados ao uso do castelán.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A retirada do proxecto de Lei orgánica para a mellora da calidade educativa.
2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao Goberno do Estado a retirada do proxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa, por invadir as súas competencias.
3. A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se insire e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 24 de maio de 2013, núm. 120.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á reforma da Lei do aborto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorábeis como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, a minusvaloración das mulleres ao impor un período de reflexión obrigatorio unha vez comunicada a intención de interromper o embarazo ou a obrigatoriedade de recibir información acerca das axudas ás nais. Así, a posta en marcha deste novo marco regulador presenta carencias evidentes que dificultan o acceso ás interrupcións voluntarias do embarazo. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública. A consecuencia directa disto é o feito de se veren obrigadas a desprazárense a clínicas privadas e, en certos casos, de teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo.

Esta situación é claramente corrixíbel de existir vontade política. É certo que a regulación non reflicte a obriga de prestación directa deste servizo, e que abre as portas a que fiquen fóra do ámbito público. Mais é evidente que na práctica se está a producir unha privatización desta prestación, un feito que nos preocupa e que os poderes públicos deben corrixir. Só existindo unha oferta desde o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de década que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva. Baixo premisas falsas e mentiras sobre o que se establece na actual lei, a nova normativa impulsada polo Ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres sen responder, en ningún caso, a criterios económicos nin sanitarios.

Como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
2. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.
3. Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á Red Madre na información que facilite a Xunta de Galiza.
4. Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.
5. O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.

1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 8 de maio de 2013, núm. 101.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante anos, cos gobernos socialistas e a loita das mulleres, a igualdade foi avanzando en España. Este avance traduciuse en máis igualdade de dereitos para as mulleres e, por o tanto, para o conxunto da sociedade. Necesitabamos seguir avanzando, pero sobre todo consolidar o conseguido. Porque como estamos a comprobar, os avances en igualdade e dereitos, custa tempo acadalos, pero pódense perder nunha soa lexislatura, como é o caso da nova regulación sobre a Interrupción Voluntaria do Embarazo. Esta nova regulación significa voltar a unha Lei de indicacións moito máis restritiva que a lei de 1985. As mulleres non poderán decidir, senón que serán os médicos quen decidan por elas.

A actual lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo do 2010, é unha lei mixta, de prazos ata a 14 semana de xestación e de indicacións por risco para a saúde ou malformacións a partir de dita semana. Recoñece o dereito das mulleres a decidir libremente sobre a súa maternidade e axústase ás normativas legais dos países da nosa contorna.

Durante estes tres anos de vixencia da lei, non se produciu un aumento significativo do número de abortos, aplícase sen problemas sociais e ten un amplo apoio da sociedade. Hai unha maior garantía xurídica para as mulleres e os profesionais sanitarios.

Os estudos da Organización Mundial da Saúde demostran que as Leis restritivas non resolven o problema do aborto senón que o converten en clandestino e empeoran as condicións sanitarias do mesmo, aumentando así o risco para a saúde materna. Tales leis condenan a unha maternidade non desexada ás mulleres con menos recursos, permitindo ás demais sortealas viaxando a outros países.

Lexislar de forma restritiva o aborto suporía que 70.000 mulleres ao ano quedarían en situación de indefensión sanitaria, das cales unhas tres mil estarían afectadas por patoloxías fetais.

A reforma supón un grave retroceso para os dereitos sexuais e reprodutivos, un recorte na liberdade e autonomía das mulleres en relación á súa sexualidade e a decidir sobre a súa maternidade, coacciona e limita o uso das liberdades individuais e pon en perigo a saúde das mulleres.

En Galicia os recortes en dereitos sexuais vanse ver agravados pola desaparición dos centros de Planificación Familiar ao afirmar a Conselleira de Sanidade: “que os centros de planificación xurdiron cando a anticoncepción era en España un problema e afastados dos servizos de xinecoloxía, pero a situación cambiou... que moitas das actividades que desenvolven estes centros poden facerse nos servizos de atención primaria, e outras nos COF que están integrados nos servizos de obstetricia e xinecología”, esta afirmación só se sostén desde o descoñecemento das funcións que realizan os centros de planificación ou desde o desinterese por a saúde sexual da poboación galega.

O cambio da lei só obedece á presión sobre o goberno dos sectores máis conservadores da sociedade e en concreto da xerarquía da Igrexa católica, inadmisíbel nunha sociedade laica e democrática que debería ser libre de imposicións relixiosas

A argumentación sobre a lei do ministro Gallardón é un insulto para as mulleres, ao consideralas como tales só pola súa capacidade reprodutiva, volvemos ás etapas máis escuras da nosa historia nas que as mulleres carecían de capacidade para tomar decisións, lexíslase sobre o corpo da muller como obxecto, sen ter en conta o seu criterio sobre cando e con quen quere ter fillos, non hai xustificación posible para retirar un dereito que só as atinxe a elas.

Esta modificación está cargada de ideoloxía e acompáñase de mensaxes que veñen dos sectores máis conservadores, que relacionan a autenticidade de ser muller coa maternidade, a defensa da educación segregada de nenos e nenas e a eliminación da educación para a cidadanía. Cambios que pretenden situar ás mulleres de novo nas tarefas de coidado a crianza e a dependencia.

Este cambio legal prodúcese nunha etapa na que coa excusa da crise económica a dereita está a facer os maiores recortes en dereitos sociais e económicos da historia da democracia e que afectan especialmente as mulleres.

A falta de emprego, a reforma laboral e o desmantelamento do estado de benestar fai cada vez mais difícil a conciliación da vida laboral e familiar.

O desmantelamento do Estado do Benestar e a política de austeridade do goberno que eliminan os servizos públicos ten un dobre prexuízo para o traballo das mulleres, por unha banda é un nicho de emprego para moitas mulleres (tanto na Administración Pública coma nas empresas prestadoras de servizos), pero é tamén o recurso necesario para a conciliación da vida laboral e familiar (garderías, coidados das persoas dependentes...).

Lembramos que a incorporación da muller foi o motor de cambio na nosa historia recente, a ONU mide o progreso dun país polo nivel da incorporación das mulleres ao mundo laboral.

O mundo será distinto cando a crise pase, pero as mulleres serán máis iguais ou máis desiguais, segundo sexa esa saída. Crear un modelo económico distinto depende en gran medida do cambio de condicións laborais e materiais das mulleres. Polo tanto non abonda cunha modificación do modelo económico baseado en sectores de produción, a política de dereitos debe ser igualmente abordada e recoñecida. As mulleres están chamadas a deseñar un plan de acción para evitar un modelo de desenvolvemento social e político sen elas. Todo cambio útil debe ser coas mulleres, consideradas cidadás de pleno dereito e libres para decidir sobre a súa vida e o seu destino.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

1.- O Pleno reconece o dereito a unha maternidade libremente decidida, o que implica, entre outras cousas, que as mulleres decidan sobre o seu embarazo e que esa decisión consciente e responsable sexa respectada.

2.- O Pleno lembra ao Goberno de España a aconfesionalidade proclamada na Constitución e, neste sentido, rexeita calquera inxerencia no dereito a unha maternidade libremente decidido ao ditado de ningunha moral relixiosa.

3.- O Pleno móstrase contrario á reforma anunciada da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo anunciada polo ministro Gallardón e rexeita a regresión que iso suporía.

2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 10 de maio de 2013, núm. 106.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación en España mellorou extraordinariamente nos últimos anos, tal e como testemuñan os estudos de organismos internacionais. Hoxe os niveis de escolarización son máis altos que nunca en todas as etapas educativas, a porcentaxe de abandono escolar prematuro diminuíu substancialmente nos últimos anos, e somos un dos países que máis

avanzou nos últimos anos en rendemento e equidade. O resultado é que hoxe dispomos dun sistema educativo cun nivel crecente de calidade, organizado como un servizo público universal, que chega a toda a poboación en condicións de igualdade e de calidade.

O último impulso a este avance prodúcese en 2006, cando tras un intenso debate e un diagnóstico rigoroso, apróbase a Lei Orgánica de Educación cun altísimo grao de acordo entre comunidade educativa, organizacións sociais e forzas políticas. Esta lei xunto ao aumento sostido durante varios anos dos orzamentos para educación, permitiron un enorme avance nos obxectivos da estratexia da UE para o 2020.

Estes logros están agora en perigo ao presentar o Goberno de Mariano Rajoy un novo anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa de carácter extremadamente conservador, regresivo para a educación pública e que supón un cambio profundo na organización da educación en España. A realidade é que para a súa elaboración serviuse dos seus principios ideolóxicos, renunciando á elaboración dun diagnóstico rigoroso, compartido e coherente das necesidades e obxectivos educativos para os próximos anos.

Esta nova reforma abre un camiño tan inxusto como ineficaz posto que asume que segregando pronto aos mozos redúcese o fracaso escolar. As medidas propostas van claramente encamiñadas a excluír canto antes do sistema escolar precisamente a quen máis necesitan da escola, e a formar aos nenos e aos mozos expresamente con criterios competitivos.

Un Anteproxecto de Lei que se utiliza como elemento arreboladizo entre españois e busca degradar as linguas cooficiais, á vez que promove un proceso de re-centralización que obvia a contribución das CCAA á mellora da educación en España.

Desde logo, non se entende que razóns, fóra das puramente ideolóxicas, avalan o fortalecemento do ensino da relixión católica e permiten eliminar a formación cívica da Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.

Un anteproxecto de Lei que mostra unha desconfianza preocupante cara ao docente e que pon toda a súa fe nas reválidas, as avaliacións e o rankings.

En definitiva, unha reforma educativa que supón un menoscabo cara á escola pública e que demostra unha profunda desconfianza sobre o papel indispensable e positivo que esta xogou no desenvolvemento do últimos trinta anos en España.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** solicitando ao Goberno de España a retirada do Anteproxecto da LOMCE:

- 1.- A retirada do Anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- 2.- A apertura dun proceso de diálogo para a análise das necesidades e os obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico.

3.- No centro deste debate estará a Comunidade Educativa, Consello Escolar do Estado, os Consellos Escolares Autonómicos, expertos educativos, as Comisións de Educación no Congreso e no Senado, os Parlamentos Autonómicos, a FEMP e a Conferencia Sectorial de Educación.

3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 10 de maio de 2013, núm. 107.

Exposición de motivos:

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira establece no seu artigo 32 a regulación do destino do superávit orzamentario afirmando:

“No caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o endebedamento neto. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema”.

Con todo, na tramitación parlamentaria da Lei de orzamentos de 2013 aceptouse unha emenda proposta pola Federación Española de Municipios e Provincias segundo a cal “durante o ano 2013, previo acordo coas Asociacións de Entidades Locais máis representativas e Informe da Comisión Nacional da Administración Local, promoverá a modificación do artigo 32 da L.O. 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, coa finalidade de determinar e desenvolver as condicións para posibilitar o destino finalista do superávit orzamentario das entidades locais”.

Unha vez reunida a Comisión Nacional de Administración Local no mes de abril, o secretario de estado de Administracións públicas informou da posible reforma do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira a fin de que os Concellos con superávit poidan investir nos seus municipios en proxectos a longo prazo, baixo determinadas condicións, ou que, segundo a nota de prensa feita pública polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, aqueles concellos que teñan remanente positivo de tesourería poidan utilizar o mesmo como fonte de financiamento de novos investimentos.

Por outra banda, no caso concreto do Concello de Santiago, o informe do interventor de 25 de febreiro de 2013 afirma que malia o previsto no artigo 32 da lei orgánica xa nomeada o destino do superávit do Concello de Santiago non vai ser “a amortización de endebedamento neto, dado que este é negativo...”.

Unha xestión como a do Concello de Santiago, que acometeu importantes recortes aos servizos públicos, que subiu os impostos e que obrigou aos seus veciños a pagar máis tributos a cambio de menos servizos, non debe permitir nin é de recibo que o único destino de todos estes recortes sexa a redución da débeda bancaria e non o impulso de políticas de investimento produtivo que axuden a xerar postos de traballo.

Cada vez é máis evidente que apostar só pola austeridade é contraproducente: faise imprescindible ser rigorosos e eficientes na xestión económica, pero se queremos saír desta

situación económica e social que vivimos faise necesario incentivar a actividade económica co superávit obtido.

Por iso o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno desta Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

1.- Instar ao Goberno Local para levar ao pleno do Concello o conseguente expediente modificativo de crédito que, tomando como base de financiamento o remanente líquido de Tesourería a 31/12/2012 permita acometer de inmediato os seguintes investimentos necesarios para a cidade en contía idéntica á do dito remanente: medio rural, emprego, promoción económica, familia e benestar social (achégase **ANEXO** con proposta de investimentos).

2.- Instar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a elevar a proposta ás Cortes para desenvolver urxentemente a disposición adicional 74 da Lei de Orzamentos do Estado de 2013 e, por tanto, modificar o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira co obxectivo de que os concellos poidan destinar o superávit á realización de investimentos produtivos.

3.- Instar ás Cortes Españolas para que leven a termo as modificacións legais necesarias que posibiliten que o superávit se destine a novos investimentos.

4.- Comunicar os puntos 2 e 3 do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Facenda, aos voceiros dos grupos parlamentarios nas Cortes Españolas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

ANEXO

Achégase proposta do grupo municipal socialista relativa á modificación de crédito que permita acometer os seguintes investimentos necesarios para a cidade en medio rural, emprego, promoción económica, familia e benestar social:

110 43300 22698 Economía, comercio, turismo
Promoción económica actividades.....250.000

(+113.000)

140 23101 22698 Familia, Benestar Social
UMAD actividades.....100.000

(+20.000)

140 23900 22698 Familia, Benestar Social
Servizos sociais. Actividades.....125.000

(+75.000)

140 24100 22698 Familia, Benestar Social
Emprego. Actividades.....300.000

(+200.000)

110 43100 47900 Economía, comercio, turismo	
Transferencias correntes. Apoio Asoc. Comerc.....	70.000
(+70.000)	
110 43200 47900 Economía, comercio, turismo	
Turismo. Transferencias correntes.....	50.000
(+23.000)	
110 43100 48901 Economía, comercio, turismo	
Comercio. Outras transferencias.....	60.000
(+19.768,2)	
040 34900 48901 Xuventude. Transferencias non	
nominativas.....	200.000
(+20.000)	
080 45400 63100 Medio Rural.	
Outros investimentos (pistas).....	200.000
(+136.240)	
070 17100 60900 Infraestructuras e obras	
Plan de emprego para a recuperación de espazos públicos.....	500.000
(+322.497,86)	
TOTAL:	999.506,06 euros

4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 27 de maio de 2013, núm. 121.

Exposición de motivos:

As institucións públicas veñen desenvolvendo nos últimos anos un importante esforzo para promover a plena integración social da poboación estranxeira que vive en Galicia co obxecto de mellorar a convivencia social. Eses esforzos deben vir acompañados dunha importante implicación da cidadanía a través de entidades sociais, asociacións e, tamén, da solidariedade e do apoio cidadán.

Durante as últimas semanas xerouse certa alarma entre a poboación en situación irregular, así como entre as persoas e entidades sociais que manteñen calquera vínculo con elas, tras coñecer que o anteproxecto de reforma do Código Penal presentado polo Ministro de Xustiza propón unha nova redacción do artigo 318.bis na que se confunden, podendo inducir a erro ou a interpretacións preocupantes, comportamentos delituosos como o tráfico de persoas con actuacións como o apoio e a axuda a persoas inmigrantes en situación irregular fundamentada en razóns humanitarias, solidarias ou éticas. A maioría dos medios de comunicación fixéronse eco da noticia con titulares como “Axudar a inmigrantes irregulares podería ser penado coa cárcere”.

Así, recóllese neste texto unha pena de multa de tres a doce meses ou prisión de seis meses a dous anos a quen axude a transitar a un estranxeiro. A normativa tamén prevé penas

similares para as persoas que, con ánimo de lucro, axuden aos inmigrantes irregulares a “permanecer” en territorio comunitario.

Con todo, a desafortunada redacción proposta do artigo 318.bis produciu unha gran incerteza na sociedade, chegando a provocar que a cidadanía pense que pode ser penados quen, por exemplo, alugue unha habitación ou dispense un menú ás persoas estranxeiras en situación administrativa irregular. De feito, parece que o propio redactor do artigo, consciente das enormes diferenzas entre os comportamentos que se pretenden regular, trata como mal menor de salvagardar a solidariedade e a hospitalidade coas persoas inmigrantes en situación irregular ao sinalar que “o Ministerio Fiscal poderá absterse de acusar por este delito cando o obxectivo perseguido sexa unicamente prestar axuda humanitaria”.

Neste sentido, polos motivos anteriormente expostos, o CGPJ, no seu informe preceptivo, pediu unha maior precisión nesta nova regulación proposta. Doutra banda, no caso de aprobarse esta reforma nos termos expostos, virían abaixo os importantes esforzos realizados desde as institucións públicas en prol da convivencia social. Tamén con esta nova norma algunhas accións e actividades levadas a cabo por concellos navarros desde os servizos sociais, poderían ser constitutivas de delito.

Por último, lembramos que calquera reforma do Código Penal debería seguir o principio xurídico de intervención mínima, o que supón que só as condutas realmente graves e que atenten contra bens xurídicos fundamentais deben ser obxecto de protección penal, polo que o texto debería ser despois de calquera ambigüidade que penalice a solidariedade coas persoas máis desfavorecidas.

Por todo iso traemos a este pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Manifestar o rexeitamento ante calquera medida que supoña un obstáculo á solidariedade coas persoas inmigrantes, elevando este acordo ao Goberno Central.
2. Demandar do Goberno do Estado que se clarifique penalmente a situación das persoas, clasificadas como “con ánimo de lucro”, pero que ofrecen servizos de subsistencia ás persoas migrantes en situación irregular.

5. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 27 de maio de 2013, núm. 122.

Exposición de motivos:

A Xunta de Galicia ten unha importante materia pendente coa nosa cidade desde o inicio da pasada lexislatura. O grupo municipal socialista vén reivindicando tanto a construción dos centros de saúde de Galeras e Conxo como a execución do plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), a fin de que se presten os servizos axeitados á poboación asentada na capital de Galicia e da área sanitaria de Santiago.

Ademais, os recortes que está a levar a cabo a Consellaría de Sanidade están poñendo en perigo a calidade asistencial do sistema sanitario no noso municipio. Referímonos a unha redución do 20% do capítulo de persoal para o exercicio orzamentario de 2013, ás xubilacións de todos os facultativos que cumpriron 65 anos e á diminución en máis do 10%

do orzamento para persoal laboral temporal, é dicir, ás substitucións de persoal na área integrada de Santiago.

Non debemos esquecer que o CHUS atende a 396.505 habitantes da área sanitaria de Santiago e é referente para os 740.904 habitantes da rexión sanitaria centro e, para iso, presenta unha oferta de recursos consistente en tres hospitais médico cirúrxicos, que contan con 1.091 camas en funcionamento e 4.077 traballadores sanitarios e non sanitarios que prestan os seus servizos no Complexo.

Na área sanitaria de Santiago a cidadanía vén observando como nas Leis de Orzamentos de 2010, 2011, 2012 e 2013 da Xunta o investimento público en Atención primaria e no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago diminuíu, o que provocou unha espera media cirúrxica a 31 de marzo de 2013 de 71 días, por riba da espera media do SERGAS. Nestes momentos na área sanitaria de Santiago hai 31.000 persoas á espera dunha intervención cirúrxica, unha primeira consulta diagnóstica ou unha proba complementaria de diagnóstico.

Esta situación deteriorarase aínda máis nos meses de xullo a setembro, debido ao peche anunciado de 269 camas durante dous meses e 74 camas durante outros dous meses, o que supón até un 50,45% máis de camas pechadas que en 2011 e un 5% máis que en 2012. Estas 269 camas representan o 25,65% do total de camas en funcionamento no CHUS, e significa un número de camas superior aos hospitais de Cee, Ribeira e O Salnés.

O impacto na asistencia sanitaria hospitalaria que o peche das camas significa para a nosa área sanitaria evidénciase cando, por aplicación da fórmula de Briegman para o cálculo do número de ingresos potenciais atendendo a un índice de ocupación do 82,2%, unha estancia media global de 9,54 días (datos recollidos para o CHUS na última Memoria de xestión publicada polo Servizo Galego da Saúde) e o número de camas que se pecharán no verán obsérvase que nos meses de xuño a setembro deixaríanse de ingresar 1.752 enfermos, o que supón o 29,02% dos pacientes en lista de espera estrutural do complexo.

A crise económica non pode converterse nunha excusa para esta situación, pois non son admisibles baixo ningún concepto os recortes en gasto sanitario que a área de Santiago sufriu ao longo da pasada lexislatura de goberno conservador e está a sufrir nesta. O atraso na execución das infraestruturas comprometidas colocan a esta cidade nunha situación de desvantaxe respecto doutras cidades galegas que, entre outras cousas, si recollen no orzamento do SERGAS a execución dos plans directores dos seus hospitais.

En atención a todo o anterior propomos a adopción do seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta para que se dote ao CHUS de forma inmediata dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento, durante o período estival, o número total de camas que permita reducir tanto a lista como o tempo de espera de hospitalización na área de Santiago.

6. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 27 de maio de 2013, núm. 123.

O Concello de Santiago asinou un convenio coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da entidade Augas de Galicia, e Sociedad Estatal Aguas de la Cuenca del Norte (AquaNorte) co obxecto de promover a execución e explotación dunha nova estación depuradora de augas residuais.

Ao grupo municipal socialista de Santiago preocúpalle o convenio que pretende asinar o goberno municipal coa Xunta a través da entidade AquaNorte: dunha banda, polo retraso da chegada da nova depuradora que a nosa cidade vén padecendo, e doutra, porque non aclara onde estará ubicada, pois di textualmente: “el emplazamiento de la EDAR será, bien el previsto en el anteproyecto aprobado, bien en la zona de "O Souto", si fuera viable ambientalmente tras la emisión de la preceptiva Declaración de Impacto Ambiental favorable”.

En relación ás achegas económicas para a construción da infraestrutura chama a atención que o Ministerio, a través de AquaNorte, asume como máximo 41.844.071€; a Xunta, a través de Augas de Galicia, un máximo de 8.966.586,75€ e sen embargo o Concello debe asumir o resto do importe do investimento, 8.966.586,75€, sen indicar en ningún caso que esta cantidade sexa a máximo achega.

Por outra parte, o proxecto ignora a posible implementación da tecnoloxía de biorreactores de membranas, malia a demostrada robustez do sistema e a súa maior eficiencia na eliminación de microcontaminantes en comparación cos sistemas tradicionais de fangos activos. Esta maior eficiencia na eliminación de microcontaminantes adiantaríase a un máis que probable endurecemento da normativa europea de verquido de efluentes ás canles fluviais, que moi probablemente convertería en obsoleta antes de estar construída unha EDAR que utilizase a tecnoloxía de fangos activos.

Á parte da mellora tecnolóxica e da maior seguridade ad futurem, debemos ter en conta a menor necesidade de espazo físico que supón a tecnoloxía de biorreactores de membranas, co conseguinte menor investimento na adquisición dos terreos e menor impacto ambiental.

Nas obrigas que o convenio impón ao Concello de Santiago, no apartado 3, sinálase que debe “poner a disposición de ACUANORTE antes del inicio de las obras de forma gratuita los terrenos necesarios para su ejecución y que estén ya a su disposición por haberlos adquirido, obtenido u ocupado por cualquier titulo”. A maiores o Concello ten que asumir o custo das actividades de conservación, mantemento, reposición de elementos e equipos e a operación da infraestrutura hidráulica. Calquera outro custo directo e indirecto no que poida incorrer a sociedade estatal na explotación da infraestrutura será repercutible tamén nas tarifas de servizos públicos. Respecto das consecuencias económicas que se orixinen pola asunción destes custos non se inclúe ningún estudo ao respecto no expediente.

Por todo isto o Grupo Municipal Socialista formula a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

- Que o Concello de Santiago inste á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e á entidade Augas de Galicia e Sociedad Estatal Aguas de las Cuencas del Norte S.A. para que no estudo ambiental da nova EDAR se analice cal é a tecnoloxía máis axeitada e viable.

Manifesta o Sr. Alcalde que o seu grupo apoia a declaración de urxencia na toma en consideración da moción relativa á estación depuradora de augas residuais.

Dona Mar Martín intervén na defensa da moción do grupo socialista relativa ao dereito das mulleres a decidir, e indica que en tódolos estamentos, e en especial nos que o seu grupo ten representación da cidadanía, se teñen posicionado en defensa da Lei Orgánica 2/2010. Durante estes tres anos de vixencia da Lei non se produciu un número significativo do número de abortos, aplícase sen problemas sociais, e ten un amplo apoio por parte da sociedade, á vez que hai unha maior garantía xurídica das mulleres e dos profesionais sanitarios.

Os estudos da Organización Mundial da Saúde demostran que as leis restrictivas non resolven os problemas do aborto, senón que os convirten en clandestinos, e empeoran as condicións sanitarias dos mesmos, aumentando así o risco para a saúde materna. Tales leis condenan a unha maternidade non desexada ás mulleres con menos recursos, permitindo ás demais viaxar a outros países para acadar o obxectivo prohibido.

A reforma da lei supón un grave retroceso para os dereitos sexuais e reproductivos, un recorte na liberdade e autonomía das mulleres en relación á súa sexualidade, e ó seu dereito a decidir sobre a súa maternidade, coacciona e limita o uso das liberdades individuais, e pon en risco a saúde das mulleres.

Por iso o grupo socialista considera que é importante que neste pleno se debata esta moción que vai en contra da derogación da lei

Don Gonzalo Muíños intervén seguidamente para defender a moción que solicita a retirada da LOMCE, indicando que a educación en España mellorou extraordinariamente nos últimos anos. Hoxe, os niveis de escolarización son máis altos que nunca en todas as etapas educativas, e a porcentaxe de abandono escolar prematuro diminuíu substancialmente nos últimos anos. O resultado é que hoxe dispoñemos dun sistema educativo cun nivel crecente de calidade, organizado como un servizo público universal, que chega a toda a poboación en condicións de igualdade e de calidade.

Estes logros están agora en perigo ao presentar o Goberno do Estado un novo anteproxecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa, de carácter extremadamente conservador, regresivo para a educación pública e que supón un cambio profundo na organización da educación en España. A realidade é que para a súa elaboración, o partido popular serviuse dos seus principios ideolóxicos, renunciando á confección dun diagnóstico rigoroso, compartido e coherente das necesidades e obxectivos educativos para os vindeiros anos.

Esta nova reforma abre un camiño tan inxusto como ineficaz, posto que asume que segregando pronto aos mozos redúcese o fracaso escolar. As medidas propostas van claramente encamiñadas a excluír canto antes do sistema escolar precisamente ós que máis necesitan da escola, e a formar aos nenos e aos mozos expresamente con criterios competitivos. Estamos diante dun proxecto de Lei que se utiliza como elemento arreboladizo entre españois e busca degradar as linguas cooficiais.

Desde logo, non se entende que razóns, fóra das puramente ideolóxicas, avalan o fortalecemento do ensino da relixión católica e permiten eliminar a formación cívica da Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.

Por outra banda, o proxecto de lei amosa unha desconfianza preocupante cara ao docente e pon toda a súa fe nas reválidas, as avaliacións e os rankings. É en definitiva unha reforma educativa que supón un menoscabo cara á escola pública e que demostra unha profunda desconfianza sobre o papel indispensable e positivo que ésta xogou no desenvolvemento dos últimos trinta anos en España.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** solicitando ao Goberno de España a retirada do Anteprojecto da LOMCE:

- 1.- A retirada do Anteprojecto de Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- 2.- A apertura dun proceso de diálogo para a análise das necesidades e os obxectivos, mediante un documento aberto de traballo de obxectivos e diagnóstico.

Don Francisco Reyes toma a palabra e pasa á defensa da moción relativa á estabilidade orzamentaria. Indica o concelleiro que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira establece no seu artigo 32 a regulación do destino do superávit orzamentario, que é reducir o endebedamento neto. Con todo, na tramitación Parlamentaria da Lei de Orzamentos do 2013 aceptouse unha emenda proposta pola Federación Española de Municipios e Provincias segundo a cal durante o ano 2013, previo acordo coas Asociacións de Entidades Locais máis representativas e Informe da Comisión Nacional da Administración Local, se promoverá a modificación do artigo 32 da L.O. 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, coa finalidade de determinar e desenvolver as condicións para posibilitar o destino finalista do superávit orzamentario das entidades locais.

Unha vez reunida a Comisión Nacional de Administración Local no mes de abril, o Secretario de Estado de Administracións públicas informou da posible reforma do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, a fin de que os Concellos con superávit poidan investir nos seus municipios en proxectos a longo prazo, baixo determinadas condicións, ou que, segundo a nota de prensa feita pública polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, aqueles concellos que teñan remanente positivo de tesourería poidan utilizar o mesmo como fonte de financiamento de novos investimentos.

Por iso o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno desta Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- 1.- Instar ao Goberno Local para levar ao Pleno do Concello o conseguinte expediente modificativo de crédito que, tomando como base de financiamento o remanente líquido de Tesourería a 31/12/2012 permita acometer de inmediato os seguintes investimentos necesarios para a cidade en contía idéntica á do dito remanente: medio rural, emprego, promoción económica, familia e benestar social.

2.- Instar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a elevar a proposta ás Cortes para desenvolver urxentemente a disposición adicional 74 da Lei de Orzamentos do Estado de 2013 e, por tanto, modificar o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 referida, co obxectivo de que os concellos poidan destinar o superávit á realización de investimentos produtivos.

3.- Instar ás Cortes Españolas para que leven a termo as modificacións legais necesarias que posibiliten que o superávit se destine a novos investimentos.

4.- Comunicar os puntos 2 e 3 do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Facenda, aos voceiros dos grupos parlamentarios nas Cortes Españolas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

Seguidamente, tamén D. Francisco Reyes defende a urxencia da moción que leva por título “a hospitalidade non é un delito”. Explica o concelleiro que durante as últimas semanas xerouse unha certa alarma entre a poboación en situación irregular, así como entre as persoas e entidades sociais que manteñen calquera vínculo con elas, tras coñecer que o anteproxecto de reforma do Código Penal presentado polo Ministro de Xustiza propón unha nova redacción do artigo 318.bis, na que se confunden, podendo inducir a erro ou a interpretacións preocupantes, comportamentos delituosos como o tráfico de persoas, con actuacións como o apoio e a axuda a persoas inmigrantes en situación irregular fundamentada en razóns humanitarias, solidarias ou éticas.

A maioría dos medios de comunicación fixéronse eco da noticia con titulares como “Axudar a inmigrantes irregulares podería ser penado coa cárcere”. Con todo, a desafortunada redacción proposta do artigo 318.bis produciu unha gran incerteza na sociedade, chegando a provocar que a cidadanía pense que pode ser penado quen, por exemplo, alugue unha habitación ou dispense un menú ás persoas estranxeiras en situación administrativa irregular. De feito, parece que o propio redactor do artigo, consciente das enormes diferenzas entre os comportamentos que se pretenden regular, trata como mal menor de salvagardar, a solidariedade e a hospitalidade coas persoas inmigrantes en situación irregular, ao sinalar que o Ministerio Fiscal poderá absterse de acusar por este delito cando o obxectivo perseguido sexa unicamente prestar axuda humanitaria.

Neste sentido, polos motivos anteriormente expostos, o CGPJ, no seu informe preceptivo, pediu unha maior precisión nesta nova regulación proposta.

Polo anterior, o grupo socialista presenta a este pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Manifestar o rexeitamento ante calquera medida que supoña un obstáculo á solidariedade coas persoas inmigrantes, elevando este acordo ao Goberno Central.
2. Demandar do Goberno do Estado que se clarifique penalmente a situación das persoas clasificadas como “con ánimo de lucro”, enténdese que persoas xurídicas, pero que ofrecen servizos de subsistencia ás persoas migrantes en situación irregular.

Aproveita o Sr. Reyes a ocasión para agradecer a asistencia dos colectivos que están a traballar e a defender ós inmigrantes, e pasa sen solución de continuidade a defender a

moción que trata da calidade hospitalaria, indicando que un ano máis o complexo hospitalario universitario de Santiago está a afrontar o peche de camas nos meses estivais, en particular este ano dende o 15 de xuño ao 16 de outubro.

O maior problema, como xa ten comentado noutras ocasións, ven determinado pola tendencia incrementalista nesta política de peches. Así, no ano 2010 pecháronse 162 camas, no 2011 foron 196 camas, no 2012 foron 256 camas, e neste momento, no 2013, van chegar mesmo ás 269 camas, o que vai significar preto do 26% do total de camas en desuso no CHUS, número superior ao conxunto dos hospitais de Cee, Ribeira e O Salnés.

Con estas camas pechadas o certo é que se poderían ter ingresado 1.752 enfermos, o que suporía máis do 29% dos 6.100 pacientes en listas de espera estrutural do complexo, cunha espera media de 71 días para os que están pendentes dunha cirurxía, cifra que esta por riba da espera media do SERGAS e que se incrementou con respecto ao ano pasado.

Ademais, nestes momentos na área sanitaria de Santiago hai 31.000 persoas agardando unha intervención cirúrxica, unha primeira consulta diagnóstica, ou un proba complementaria de diagnose.

Polos motivos esgrimidos, o seu grupo propón instar á Xunta para que se dote ao CHUS de forma inmediata dos medios necesarios e do persoal que sexa preciso para manter en funcionamento, durante o período estival, o número total de camas que permita reducir tanto a lista como o tempo de espera de hospitalización na área de Santiago.

Rematada a exposición das mocións que levan os números 1, 2, 3, 4 e 5 das presentadas polo grupo municipal socialista, o Pleno da Corporación procede á votación sobre a urxencia na súa toma en consideración, que é rexeitada ao obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

Dona María Gómez Bugallo intervén seguidamente en defensa da sexta das mocións presentadas polo grupo municipal socialista, relativa á depuradora de augas residuais. Manifesta que o Concello de Santiago asinou un convenio coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da entidade Augas de Galicia e Sociedade Estatal Aguas da Cuenca del Norte (AquaNorte) co obxecto de promover a execución e explotación dunha nova estación depuradora de augas residuais.

Ao grupo municipal socialista de Santiago preocúpalle o convenio, dunha banda polo retraso da chegada da nova depuradora que a nosa cidade vén padecendo, e doutra, porque non aclara onde estará ubicada, pois di textualmente: “el emplazamiento de la EDAR será, bien el previsto en el anteproyecto aprobado, bien en la zona de "O Souto", si fuera viable ambientalmente tras la emisión de la preceptiva Declaración de Impacto Ambiental favorable”.

En relación ás achegas económicas para a construción da infraestrutura, chama a atención que o Ministerio, a través de Aquanorte, asuma como máximo 41.844.071€; a Xunta, a través de Augas de Galicia, un máximo de 8.966.586,75€ e sen embargo o Concello debe asumir o resto do importe do investimento, 8.966.586,75€, sen indicar en ningún caso que esta cantidade sexa a máxima achega.

Por outra parte, o proxecto ignora a posible implementación da tecnoloxía de biorreactores de membranas, malia a demostrada robustez do sistema e a súa maior eficiencia na eliminación de microcontaminantes en comparación cos sistemas tradicionais de fangos activos. Esta maior eficiencia na eliminación de microcontaminantes adiantaríase a un máis que probable endurecemento da normativa europea de verquido de efluentes ás canles fluviais, que moi probablemente convertería en obsoleta, antes de estar construída, unha EDAR que utilizase a tecnoloxía de fangos activos.

Á parte da mellora tecnolóxica e da maior seguridade *ad futurum*, debemos ter en conta a menor necesidade de espazo físico que supón a tecnoloxía de biorreactores de membranas, co conseguinte menor investimento na adquisición dos terreos e menor impacto ambiental.

Nas obrigas que o convenio impón ao Concello de Santiago, no apartado 3, sinalase que debe “poner a disposición de ACUANORTE antes del inicio de las obras, de forma gratuíta, los terrenos necesarios para su ejecución y que estén ya a su disposición por haberlos adquirido, obtenido u ocupado por cualquier título”. A maiores, o Concello ten que asumir o custo das actividades de conservación, mantemento, reposición de elementos e equipos e a operación da infraestrutura hidráulica. Calquera outro custo directo e indirecto no que poida incurrir a sociedade estatal na explotación da infraestrutura será repercutible tamén nas tarifas de servizos públicos. Respecto das consecuencias económicas que se orixinen pola asunción destes custos, non se inclúe ningún estudo ao respecto no expediente.

Por todo isto o Grupo Municipal Socialista formula a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

- Que o Concello de Santiago inste á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e á entidade Augas de Galicia e á Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte S.A. para que no estudo ambiental da nova EDAR se analice cal é a tecnoloxía máis axeitada e viable.

Dona Elvira Cienfuegos, que intervén agora, di que é certo que o convenio aprobado non resolve moitas dúbidas a respecto da depuradora, aporta poucas certezaas, pero deixa claras algunhas, por exemplo, que Aquanorte só vai poñer os fondos europeos, dos que se coñece a cantidade máxima, que Augas de Galicia vai poñer un tercio, ou que o Concello vai poñer un terzo máis IVE, pero quedan dúbidas tan importantes como se vamos ter ou non fondos europeos. Realmente exprésase claramente no convenio que o período 2007/2013 está a rematar, e se non hai prórroga, Aquanorte non se compromete, agás que se consigan outra vez fondos europeos no período 2014-2020.

Tampouco se determina onde vai ir a EDAR, en función dese estudo de impacto ambiental. Realmente o que agora se plantexa por parte do Partido Socialista é unha cuestión obrigada durante o proceso de estudo de impacto ambiental que o seu grupo está desexando que se someta a información pública, porque é un paso imprescindible e necesario a partir do cal se pode emitir a declaración de impacto ambiental, e polo tanto, se está en condicións de licitar, porque o convenio o único que establece é que á falta da declaración de impacto ambiental, teñen que pedir un contrato para dous lugares diferentes, o actual e o do Souto, que foi a proposta definitiva.

O Bloque Nacionalista Galego sempre estivo a favor da construción da depuradora dende o ano 2000, cando se conseguiu que finalmente se incluíse no Plano Hidrolóxico Nacional, e sempre estivo tamén insistindo en que fose co menor custo ambiental e social, pero evidentemente, o que queren é que se faga e xa, pois os retrasos van empeorando a calidade do río, augas abaixo á depuradora, sen que se lles poñan mesmo remedios parciais que se lle poderían poñer se souberamos que realmente o proceso ia ser tan longo como está sendo, porque de momento fálase do ano 2017 e mesmo hai informes do Concello que falan do 2019. Repite que o importante é que se faga canto antes, para o cal tería sido moi importante acurtar os prazos previos que non dependen de normas establecidas, porque hai outros que vai ser imposible acurtar, por exemplo, o prazo entre a licitación e o inicio da obra, que en menos dun ano non se vai poder facer, e o período entre o estudo de impacto ambiental, a exposición ao público e a declaración de impacto tamén é dificilmente reducible, de maneira que logo virá a determinación acerca de cal é a mellor tecnoloxía.

A concelleira non ten tan claro como parece ter o Partido Socialista cal é o mellor procedemento, pois entende que se está ben deseñada, e se funciona adecuadamente, o problema está solventado. De todas maneiras, de seguro que o estudo de impacto ambiental contemplará as distintas tecnoloxías posibles, cal é o custo económico, e cal é a incidencia ambiental de cada unha, non só na súa construción senon tamén no mantemento.

O que se precisa é que a calidade da auga que se devolva ao río Sar, sobre de todo, porque a cantidade de auga que vai saír da depuradora vai ser unha proporción moi elevada a respecto do total que hai no Sar, sexa boa, pero nada fai pensar que non poida conseguirse por tecnoloxías diferentes, dependendo de cómo se elaboren. En calquera caso é bo avanzar canto antes a respecto desa construción no mellor sitio posible, no sitio no que cause menos impacto ambiental e social, e polo tanto, é urxente tamén que se faga público, como condición necesaria, ese estudio de impacto ambiental.

Explica o Sr. Alcalde que a ubicación non será na Silvouta, senon no Souto, un quilómetro máis abaixo, e nunhas condicións ambientais loxicamente mellores. A aportación máxima do Concello Santiago chega aos 8,9 millóns de euros, mentres na proposta inicial feita polo goberno bipartito era o 15%, nunhas cantidades incluso superiores.

A seguir, pregunta o Sr. Alcalde por qué a Sra. Gómez Bugallo defende a tecnoloxía de biorreactores fronte á de fangos activos, e lle solicita que clarexe se cando fala de microcontaminantes se refire a microorganismos patóxenos ou a elementos pesados, ó obxecto de poder responderlle na vindeira intervención.

Polo que atinxe á cesión dos terreos, indica o Sr. Alcalde que estes serán expropiados por Aquaespaña, non por Aquanorte, xa que Aquaespaña é o novo organismo que substitúe a Aquanorte. En Vigo, como é sabido, os terreos os facilitou o Concello cun custe estimado de 13 millóns de euros, mentres no caso de Santiago serán expropiados con cargo a fondos europeos, e polo tanto non lle van a costar nada.

Á Sra. Cienfuegos dirixese agora o Sr. Alcalde e dille que a única certeza que temos é que Santiago leva vinte anos esperando a que os sucesivos gobernos fíxeran a depuradora, e non foi posible. O resultado da xestión do grupo socialista e do grupo nacionalista foi o que levou a situación actual, de que o 70% dos efluentes que chegan a Silvouta vaian directamente ao río.

Cree o Sr. Currás que a súa intervención despexa moitas das dúbidas plantexadas, e afirma que o estudo ambiental lóxicamente falará da tecnoloxía máis axeitada para a cidade de Santiago.

A seguir, Dona María Gómez Bugallo agradece ao Sr. Alcalde que despexara a incógnita sobre a ubicación da depuradora, porque nos informes non estaba clara. Di tamén que o seu grupo se inclina polo sistema de membranas porque pola pouca cantidade de auga que levan os nosos ríos, a auga saldría máis limpa, e polo tamaño que precisa unha EDAR de membranas, o impacto sería menor, á parte de que este tipo de estación se pode ampliar e modificar, o que non é posible coa de fangos, e hai que pensar que estamos diante dun investimento para máis de 45 anos, polo tanto non é un empeño do Partido Socialista, pois o que hai que mirar é polo ben desta cidade, e que un investimento tan grande sexa o máis adecuado.

Para Dona Elvira Cienfuegos é un pouco arriscado por parte do Sr. Alcalde asegurar que se vai facer no Souto cando aínda non está elaborado o estudo de impacto ambiental, e cando o propio convenio recolle que mentres non estea a declaración de impacto ambiental hai que contemplar os dous emprazamentos. Entende a concelleira que ese sexa o desexo do Sr. Currás, e posiblemente constituía a mellor ubicación, pero en calquera caso procede facer antes o estudo do impacto ambiental e expoñelo ó público para que quen queira poida presentar as súas alegacións.

A respecto do que ten que poñer o Concello, o problema é que se Aquanorte non vai colaborar, o Ministerio tampouco, e a Augas de Galicia vai poñer un tercio, o Concello pode quedar vendido en calquera momento e hai que conseguir novos fondos, pois o convenio deixa claro que Aquanorte vai poñer unha cantidade procedente de fondos europeos e non máis.

Cónstalle á concelleira que a EDAR formaba parte dunha intervención que incluía os colectores, os cales se fixeron sen que o Concello tivera que poñer ningún fondo. Posteriormente, o Concello de Vigo efectivamente aportou solo por importe de 13 millóns de euros do total de 229 millóns que costaba a depuradora, polo tanto a relación é diferente á que ocorre no Concello de Santiago. Lembra ademais a concelleira que durante o período no que o Partido Popular estivo gobernando en Madrid, e logo de ter asumido no ano 2001 e incluír no Plan Hidrolóxico Nacional esta depuradora, houbo sucesivos retrasos que provocaron mesmo que por unanimidade deste concello se requerira que de novo non se fixesen aprazamentos. Nos anos 2006 e 2007 fóronse producindo retrasos na construción desta obra, que por certo se iniciou estando no goberno da Xunta o señor Cuiña, quen foi quen recoñeceu a necesidade dunha nova depuradora xusto cando a Xunta estaba a tramitar unha minicentral para esa zona, con esas augas residuais que chegaban da depuradora. Foi a raíz desa intervención que se tomou a outra decisión que aínda hoxe non se executou, para mal de todos os que tiveron responsabilidades en avanzar nesa construción. Efectivamente, é posible que sexa agora o Partido Popular o que acometa a obra, pero eses fondos europeos non os conseguiu o Partido Popular, pois nestes momentos temos mesmo unha ameaza de sanción por parte da Unión Europea por non executar a obra.

Remata a súa intervención a concelleira dicindo que polo tanto hai que ser máis modestos e facer o posible para avanzar nestas cuestións ambientais que son fundamentais, pero que non tiveron a relevancia que deberían de ter ata o momento.

Volve a intervir o Sr. Alcalde, que di que o sistema da depuradora deseñada polo anterior grupo de goberno era o de fangos activos, o cal dá resposta a gran parte da moción, e indica que Dona María Gómez Bugallo non lle respostou ó tema dos microcontaminantes, porque o Sr. Currás non sabe se son microorganismos ou elementos pesados, dato moi importante para coñecer se a tecnoloxía de membranas afecta a uns ou aos outros. En calquera caso, o estudo ambiental vai permitir analizar a mellor tecnoloxía, e neste momento hai máis tecnoloxía que a de membranas ou a de fangos activos, hai tecnoloxías compactas coa mesma eficiencia e moito máis melloradas.

Agradecería o Sr. Alcalde que antes de presentar a moción, o grupo socialista estudase un pouco a historia da EDAR de Santiago, o presente e o futuro, para non traer aquí cada tres meses o mesmo tema, cando o goberno anterior, durante vinte anos verteu ao río Sar, contaminouno e non fixo nada por resolver o problema. Engade que coa actual normativa, a ubicación na Silvouta non cumpría absolutamente ningún dos parámetros de olores e de vertidos, e que se fai un estudo ambiental de Silvouta e do Souto porque se a ubicación non pode ser nun lugar, será no outro. Afirma o Sr. Alcalde que na zona de Sar hai un colector que debera resolver o problema de depuración da auga e a rede separativa de pluviais e fecais, que está parado polo goberno anterior, porque a empresa que elixiu Madrid para esa función non servía.

En calquera caso, asevera o Sr. Alcalde que a depuradora vaise construír, e ogallá Santiago teña unha depuradora no 2017 ou 2019, porque evidentemente, resolverá un problema grave do río Sar, e por ende da cidade de Santiago.

Rematado o debate desta moción, a número 6 das presentadas polo grupo socialista, é rexeitada ao obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra do grupo municipal popular.

A continuación, manifesta o Sr. Alcalde que o seu grupo acepta a declaración da urxencia na toma en consideración da primeira das mocións formuladas polo BNG, para garantir a hospitalidade e solidariedade e a asistencia a inmigrantes.

Dona Elvira Cienfuegos pasa á defensa da primeira das dúas restantes, e di que o proxecto de Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, aprobado o 17 de maio, e que o PP quere converter en Lei, significaría un grave retroceso para o sistema educativo, nomeadamente porque recorta as posibilidades de contribución da educación á igualdade de oportunidades, creando itinerarios obrigados dende moi cedo, e xa que logo condicionando o futuro académico e en parte o profesional do alumnado. Asemade, liquida a elección democrática da dirección dos centros e traslada á dirección as competencias do Consello Escolar, ademais de engadirle outras. Reforza a confesionalidade, incorporando a relixión computable no expediente académico, mesmo como unha das tres materias específicas das que o alumnado ten que escoller, mínimo dúas no bacharelato, por citar algúns aspectos.

É unha lei feita de costas á comunidade educativa, ás asociacións dos diferentes colectivos implicados, e polo tanto, con grande oposición política e social, pero alén doutras

consideracións xa apuntadas, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das Comunidades Autónomas, e supón unha involución inaceptable ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado.

O Estado, por exemplo, resérvase fixar unha porcentaxe de contidos moi superior á que viña tendo, e elimina a opción da inmersión lingüística. A norma uniformiza e recentraliza o sistema a través das reválidas, probas externas deseñadas dentro do Estado, e dentro do modelo xerárquico que propugna, e o galego deixa de ser lingua troncal e pasa a ter unha consideración inferior á das linguas estranxeiras. Así se posibilita non estudar en lingua galega, facilitando con diñeiro público a escolarización do alumnado que así o decidise en centros privados, un ataque máis ao idioma que segundo datos da Mesa pola normalización lingüística, está xa ausente no 95% das aulas do ensino infantil das cidades galegas.

Polo tanto, neste momento, no que se vai iniciar a tramitación do proxecto, o BNG solicita da Corporación do Concello da Capital de Galiza a toma en consideración dunha moción, para demandar do goberno do Estado a retirada do proxecto polo seu carácter centralizador e desgaleguizador, e demandar da Xunta da Galiza que o solicite tamén por invadir as súas competencias. Ao tempo, o seu grupo propón tamén o apoio a que o sistema educativo potencie realmente a diversidade lingüística fomentando a lingua propia deste país.

A seguir, Dona Elvira Cienfuegos pasa a defender a urxencia doutra das mocións do BNG, e indica que a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda presentando aspectos mellorábeis. O máis grave son as limitacións de acceso á sanidade pública, que na práctica supoñen que a inmensa maioría das mulleres non teñen posibilidade de recibir esta prestación na súa área sanitaria na rede pública.

É evidente que na práctica se está a producir unha privatización da prestación, corrixible con vontade política, que o seu grupo entende que é necesaria, porque só existindo unha oferta dende o ámbito público, se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

En resumo, a Lei 2/2010, supuxo un avance a respecto da normativa anterior, e aínda entendendo que é mellorable, o que BNG ten claro é que non se poden dar pasos atrás na lexislación. E entende a concelleira que o borrador de lei que está a impulsar o Ministerio de Xustiza representa un retroceso de décadas; a vulneración de dereitos consolidados das mulleres no referido a súa saúde sexual e reprodutiva. É unha reforma restritiva, que non responde a criterios sanitarios, senón á presión de grupos ultrarrelixiosos, e como xa alertan organizacións de mulleres e sindicatos, o que vai supor a reforma anunciada é regresar ás prácticas de risco, como os abortos clandestinos, a opción para mulleres de colectivos desfavorecidos, ou carentes de recursos que decidan a interrupción.

Diante da proposta de reforma da Lei, solicítase ao Pleno da Corporación a toma en consideración dunha moción para a adopción de acordos para instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado o mantemento e a aplicación da Lei 2/2010. Ademais, acordaríase a posta en marcha das medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios. Igualmente, o acordo recollería a garantía de que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao

consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva, e a posta en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos.

Por último, solicita a moción que o Concello poña en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010.

Rematada a exposición do contido das mocións que levan os números 2 e 3 das presentadas polo grupo municipal do BNG, procédese á votación sobre a urxencia na súa toma en consideración, que é rexeitada ao obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular.

Seguidamente, D. Rafael Vilar defende a moción relativa a garantir a hospitalidade e solidariedade e asistencia a inmigrantes, que nace -di- da preocupación de diferentes colectivos sociais implicados na atención inmigrantes, colectivos como o foro da inmigración e outros. O BNG comparte esa preocupación, que nestes momentos ademais ten que ver coa reforma do Código Penal que promove o Ministro Gallardón, e máis en concreto co seu artigo 318. bis), que reza textualmente:

“O que intencionadamente axude a unha persoa que non sexa nacional dun Estado membro da Unión Europea a entrar no territorio doutro Estado membro ou a transitar a través deste, vulnerando a lexislación do devandito Estado, sobre entrada ou tránsito de estranxeiros, será castigado cunha pena de multa de 3 a 12 meses, ou prisión de seis meses a dous anos. O Ministerio Fiscal poderá absterse de acusar por este delito cando o obxectivo perseguido sexa unicamente prestar axuda humanitaria á persoa de que se trate, e se os feitos se cometen con ánimo de lucro, impoñerase na súa metade superior.”

E no seu punto 2, este mesmo artigo di: “o que intencionadamente axude con ánimo de lucro a unha persoa que non sexa nacional dun Estado membro da Unión Europea a permanecer no territorio do Estado membro da Unión Europea, vulnerando a lexislación do devandito Estado, sobre estancia de estranxeiros, será castigado cunha pena de multa de 3 a 12 meses, ou prisión de 6 meses a 2 anos”.

Á luz do texto do artigo, ao Sr. Vilar parécelle evident o intento do goberno do Estado, e do Ministro Gallardón, de poñer no punto de mira xudicial, e criminalizar a hospitalidade, a solidariedade, e a asistencia a inmigrantes. É dicir, as persoas ou entidades que dean apoio e cobertura, ou acollan nos seus fogares, ou mesmo que aluguen vivendas ou dispensen un menú do día ás persoas estranxeiras en situación irregular, serán consideradas na práctica criminais, delincuentes, e como tales serán susceptibles de ser detidas, xulgadas, e de ser o caso, condenadas, incluso con cadea.

Ao mesmo tempo, estas persoas estranxeiras en situación irregular quedarían tiradas na rúa, en situación de absoluta precariedade, sen que ninguén poida apoialas ante o risco que significaría facelo. Só hai que pensar na nosa cidade e na situación que se lle pode crear a individuos e entidades sociais que traballan con inmigrantes, entidades que por ofrecer un teito ou comida poderían estar a incorrer nun delito con castigo penal, ou sexa que poderían ser tratadas pouco menos que como mafias.

En boa lóxica, estes colectivos e persoas vanse ver intimidados se finalmente esta é a redacción definitiva do Código Penal, e tremendamente limitados nas súas actuacións á hora

de desenvolver accións que teñan que ver coa hospitalidade, solidariedade, e asistencia a inmigrantes.

Para o BNG, o contido do artigo é un desatino absoluto, que se suma a outros perpetrados polo goberno de Rajoy que parecen ter como obxectivo a exclusión, marxinalización e criminalización do colectivo coñecido como inmigrantes ilegais ou sen papeis.

E se antes foi a súa exclusión dos servizos sanitarios, agora co Código Penal na man quedan en desamparo e indefensión, coas graves consecuencias que iso provocaría para este colectivo de persoas e tamén para o conxunto da sociedade.

En lugar de propoñer mecanismos para a necesaria integración das persoas inmigrantes, regularizando a súa situación a todos os niveis, óptase pola solución contraria, o que dende logo non é unha solución. Tamén é certo que os sucesivos descensos nas partidas económicas dos orzamentos dos diferentes gobernos e administracións destinados a esta materia, non convidan ao optimismo.

Con esta moción o BNG propón que esta corporación inste ao Ministerio de Xustiza a retirar o anteproxecto de reforma do Código Penal no que atinxe ao seu artigo 138 bis, co obxectivo de non demonizar a solidariedade nin incriminar a hospitalidade ao perseguir penalmente estes comportamentos movidos por razóns humanitarias e altruístas. E polo tanto, a non castigar penalmente as persoas que, con ánimo de lucro ou sen el, ofrezan servizos de subsistencia a estas persoas.

Pola súa banda, Don Francisco Reyes en primeiro lugar felicita e dá as grazas aos colectivos que están a desenvolver o proxecto e a campaña “salvemos a hospitalidade”, pois é evidente que o seu traballo e o seu compromiso están a conseguir que neste pleno se debata e teña que votarse esta moción.

Explica o concelleiro que as institucións públicas veñen desenvolvendo nos últimos anos un importante esforzo para promover a plena integración social da poboación estranxeira que vive en Galicia co obxecto de mellorar a convivencia social. Eses esforzos deben vir acompañados dunha importante implicación da cidadanía, a través das entidades sociais, asociacións, e tamén da solidariedade e do apoio cidadán.

Durante os últimos tempos xerouse certa alarma entre a poboación en situación irregular, así como entre as persoas e entidades sociais que manteñen calquera vinculo con elas, tras coñecer que o anteproxecto de reforma do Código Penal, presentado polo Ministro de Xustiza, propón unha nova redacción do artigo 318 bis, na que se confunden, podendo inducir ao erro ou a interpretacións preocupantes, comportamentos delituosos, como o tráfico de persoas, con actuacións como o apoio e axuda ás persoas inmigrantes en situación irregular, fundamentada en razóns humanitarias, solidarias, ou éticas.

A maioría dos medios de comunicación fixéronse e fanse eco da noticia con titulares como os de que axudar a inmigrantes irregulares podería ser penado coa cárcere. Así recóllese nese texto unha pena de multa de 3 a 12 meses, ou prisión de 6 meses a 2 anos, a quen axude a transitar a un estranxeiro. A normativa tamén prevé penas similares para as persoas que con ánimo de lucro axuden aos inmigrantes irregulares a permanecer en territorio comunitario. Con todo, a desafortunada redacción proposta do artigo 318. bis, produciu

unha grande incerteza na sociedade, chegando a provocar que a cidadanía pense que poden ser penados os que por exemplo aluguen unha habitación, ou dispensen un menú ás persoas estranxeiras en situación administrativa irregular.

De feito, parece que o propio redactor do artigo, conscente das enormes diferenzas entre os comportamentos que se pretenden regular, trata como mal menor de salvagardar a solidariedade e a hospitalidade coas persoas inmigrantes en situación irregular ao sinalar que o Ministerio Fiscal poderá absterse de acusar por este delito cando o obxectivo perseguido sexa unicamente prestar axuda humanitaria.

Neste sentido e polos motivos anteriormente expostos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, no seu informe preceptivo, pediu unha maior precisión nesta nova regulación proposta.

Doutra banda, no caso de aprobarse esta reforma nos termos expostos, virían abaixo os importantes esforzos realizados dende as institucións públicas en prol da convivencia social. Tamén con esta nova norma caerán algunhas accións e actividades levadas a cabo por concellos dende os seus servizos sociais, pois poderían ser constitutivas de delito.

Por último, lembra o Sr. Reyes que calquera reforma do Código Penal debería seguir o principio xurídico de intervención mínima, o que supón que só as condutas realmente graves e que atenten contra bens xurídicos fundamentais deben ser obxecto de protección penal, polo que o texto debería ser despouído de calquera ambigüidade que penalice a solidariedade coas persoas máis desfavorecidas.

O seu grupo entende por tanto que é necesario clarificar a norma no que atinxe á situación das persoas calificadas como con ánimo de lucro, no caso das xurídicas, pero que están a ofrecer servizos de subsistencia ás persoas inmigrantes en situación irregular.

Por todo o anterior, avanza o concelleiro que o seu grupo vai votar favorablemente esta moción presentada e defendida polo BNG.

Toma o uso da palabra Dona María Pardo, que explica que esta moción discútese porque o seu grupo estimou a súa urxencia, e en atención sobre todo ás persoas que acudiron, porque as coñece e recibíunas no seu despacho.

Di a concelleira que a modificación do artigo 318.bis do Código Penal obedece á inxustiza e desproporción das reformas dos anos 2007 a 2009 feita por gobernos socialistas. A actual redacción do texto que se vai modificar consideraba infracción penal calquera acción que facilitase dalgun xeito a inmigración clandestina, e así o dicían sentenzas do Tribunal Supremo dos anos 2008 e 2009. De acordo coa doutrina máis asentada, calquera acción prestada ao inicio, ou durante o desenvolvemento do ciclo emigratorio ou inmigratorio que auxiliara a súa produción en condicións de ilegalidade, está incluída na conduta tipificada, tal e como indica o Tribunal Supremo. A desproporción da actual regulación percíbese facilmente porque se comproba que calquera destas condutas tiñan penas de 4 a 8 anos de prisión, incluso se se cometían sen ánimo de lucro, e somentes de forma excepcional plasmábase a posibilidade de rebaixar a pena a un mínimo de dous anos de prisión.

A nova regulación do Código Penal no que atinxe ó artigo 318.bis, pretende modificalo en tres aspectos:

En primeiro lugar, procura reducir o número de conductas punibles, e así se cingue estritamente ao que establece a directiva da Unión Europea 2002/90, e a decisión marco 2002/946, dicindo que somentes son punibles cando se facilita a entrada no país da Unión Europea con infraccións previstas na lei de estranxería e os actos que facilitan a permanencia no territorio nacional cando tales actos constitúan unha infracción da lei de estranxería e ademais se cometan con ánimo de lucro, ou sexa que exclúe expresamente o suposto de cando se fai por solidariedade.

Neste sentido establece tamén unha redución radical das penas, que co texto actual eran de 4 a 8 anos, o que significaba que era punible calquera conduta de calquera persoa que por mero altruísmo ofrecía un contrato falso, ou realizaba unha oferta de matrimonio falso. Esa conduta pasaría a ser penada con multa, moito máis favorable que o cárcere, e somentes se manteñen as penas máis graves para perseguir ás mafias da inmigración, que poñen en perigo a vida das persoas inmigrantes.

Dende o Partido Popular, di a concelleira, quérese perseguir ás mafias que utilizan ás persoas que están nunha situación de vulnerabilidade e que as utilizan para lucrarse, ben sexa por explotación sexual, ben sexa por contratos de explotación laboral, e que fundamentalmente e por desgraza, moitas veces son mulleres .

Por último, indica a Sra. Pardo que a modificación refírese á posibilidade de excluír a persecución penal daqueles que actúan por motivos humanitarios, ademais o Ministro de Xustiza expresa a súa vontade de reforzar este aspecto, coa finalidade de excluír calquera posibilidade de que a comisión ocasional dunha desas infraccións por razóns humanitarias poida ser castigada. Existe ó respecto unha recente circular do Ministerio Fiscal que fixa criterios para a unidade de actuación neste ámbito, porque queda á arbitrariedade, á decisión do Ministerio Fiscal, apreciar estas condutas altruístas de axuda ás persoas.

O proxecto de reforma do Código Penal mellora de maneira moi significativa o tratamento penal destas condutas, polo tanto o grupo popular votará en contra da moción presentada, aínda que o seu partido en Galiza é moi sensible ao drama da inmigración, posto que moitos de nós temos antepasados que tiveron que emigrar a outros países.

Don Rafael Vilar agradece ao grupo municipal socialista o apoio a esta moción, e lamenta as palabras da señora portavoz do grupo de goberno, porque se desmarca desta moción do BNG que pide unha cousa. Dende o seu punto de vista, é obvio defender a hospitalidade, a solidariedade e a axuda a estas persoas que están a padecer, e que sofren moi directamente as consecuencias da situación económica, agravadas agora por unha case persecución por parte do Goberno.

Dona María Pardo afirmaba que a anterior redacción do artigo inducía a confusión, sen embargo a nova é moitísimo peor, máis confusa e abre a porta a criminalizar directamente a esas persoas, colectivos e entidades ou institucións, porque poden ser os propios servizos sociais dos Concellos os que con este artigo, se non se modifica, acaben diante dun tribunal.

Á parte, isto é máis grave se cabe nunha cidade como Santiago de Compostela, historicamente relacionada coa hospitalidade coa xente de calquera parte do mundo. A preocupación do concelleiro deriva tamén do feito de que hai recentes casos de

criminalización de colectivos de axudas aos inmigrantes na nosa cidade, e afirma que por certo nunca veu a solidariedade do Partido Popular coa xente do seu sindicato que tivo que acudir aos xulgados por defender aos inmigrantes.

Falou tamén a concelleira do ánimo de lucro, aspecto que do que se extrae do articulado, induce a confusión porque ofrecer a cambio de diñeiro unha cama, ou un menú do día, tamén significaría a presenza dese ánimo de lucro. Todos os grupos están de acordo en perseguir as mafias e o tráfico de carne humana, pero o problema do texto non radica neso, senon en que criminaliza a outros colectivos que ofrecen axuda de maneira altruísta e solidaria, polas súas conviccións éticas e morais.

Para Don Francisco Reyes é certo que a reforma que propon o goberno popular corrixe algunha medida de desproporción de penas que se aplicaban a determinados feitos que poderían cualificarse nestes momentos de escasa gravidade. Pero tamén é certo que no apartado primeiro do mencionado artigo 318.bis se establece que o Ministerio Fiscal poderá absterse de actuar por este delito cando o obxectivo perseguido fora unicamente prestar axuda humanitaria. Ate o de agora, esa posibilidade estaba sendo negada por gran parte da xurisprudencia, por exemplo a Sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo de 28 de maio de 2012. A nova redacción do artigo 318.bis fai imposible estas interpretacións restritivas, e deixa polo tanto en mans do Ministerio Fiscal a posibilidade de acusar ou non cando se actúa por motivos humanitarios.

Continúa explicando o concelleiro que o anteproxecto, ao tipificar no seu apartado segundo a axuda á permanencia con ánimo de lucro, o que pode permitir é o castigo de comportamentos carentes de lexividade e de desvalor social, como poden ser alugar unha vivenda a inmigrantes sen papeis, admitilos nun hotel, levalos nun taxi, ou calquera outra conduta que guiada por un ánimo de lucro lícito permita ao emigrante sen papeis prolongar a súa estancia no noso país ou noutro Estado membro.

É verdade que algunhas actuacións obviamente teñen que controlarse, pero non é menos certo que temos normativa preexistente e adecuada, como por exemplo, as infraccións previstas na lei 4/2002, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros no noso país, que precisamente no artigo 54.1 letra b) tipifica como infracción moi grave a axuda á permanencia con ánimo de lucro, ademais de tipificar e castigar con infraccións administrativas manifestacións concretas desta axuda, como por exemplo as tipificadas nos apartados b), c) e d) do seu artigo 53.2.

Polo tanto, o seu grupo entende que como a axuda á permanencia con ánimo de lucro xa está tipificada na lei de extranxería, non se entende xurídicamente a súa incorporación agora no Código Penal e polo tanto estiman correcta a proposta que ten feito o BNG para defender o que é o obxectivo dunha campaña promovida por toda unha serie de asociacións que están detrás deste proxecto, “salvemos a hospitalidade”.

Para Dona María Pardo Valdés, que fala agora, a proposta do Sr. Vilar significa seguir coa redacción do artigo 318.bis, que non contempla as conductas altruístas, como din as sentenzas do Tribunal Supremo, e que supón penas de catro a oito anos de cárcere. Para a concelleira, todos entendemos o que é a hospitalidade, a emigración e a recepción de inmigrantes, entón hai que esquecer as demagoxias, porque a única intención do Partido Popular ao regular de novo o Código Penal é a persecución das mafias, e mafia é alugar

unha casa a corenta inmigrantes explotándoos, e cobrándolles moitos cartos a cada ún deles, e o que pretende é tamén incluír a conduta altruista, tal e como establece a norma europea, e deixala a criterio do Ministerio Fiscal para que a contemple como eximente, e non se pene.

Rematado o debate desta moción, o Pleno da Corporación rexéitaa por doce votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e trece votos en contra, dos membros do grupo Popular.

17. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á DEFENSA DO PARTIDO XUDICIAL DE SANTIAGO.

O texto da proposición, presentada con data do día 22 deste mes, ten o seguinte contido:

“Exposición de motivos

O pasado 26 de febreiro o Ministerio de Xustiza presentou a proposta da reforma da lei de poder xudicial. A falta da lei de demarcación xudicial, todos os indicios indican que se vai considerar o sistema dunha soa sede uniprovincial situada na capital de provincia. Esta proposta, no caso de aprobarse, terá consecuencias moi negativas sobre os dereitos dos cidadáns, polos seguintes motivos:

1.- Tal e como se indica na reforma da xustiza aprobada en maio de 2001, a aprobación dun novo mapa xudicial realizarase para axilizar e achegar a xustiza ao cidadán. O novo mapa xudicial establecerase con criterios que permitan axustar a organización de carga de traballo existente en cada parte, neste caso O PARTIDO XUDICIAL Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña) abarca 26 municipios e 274.366 habitantes, SENDO UN VOLUME DE LITIXIOSIDADE ABONDO PARA QUE SE MANTEÑAN OS XULGADOS.

2.- A nova proposta persegue obxectivos como a mellora da calidade do servizo público e a atención ao cidadán, neste caso claramente o cidadán veríase prexudicado.

3.- Racionalización da circunscrición: é máis efectiva en COMPOSTELA debido á dispersión da poboación (26 municipios e 274.366 habitantes).

4.- Tender á especialización: EN COMPOSTELA xa hai esa especialización: CIVIL, PENAL, CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO e SOCIAL.

5.- A reordenación haberá de atender ás concretas circunstancias xeográficas, procurando respectar os ámbitos territoriais nos que se desenvolven as actividades económicas de cada zona e evidentemente non se respecta o ámbito se se traslada á Coruña.

6.- A proposta do Ministerio de Xustiza vai en contradición co artigo 24 da Constitución, xa que este artigo obriga claramente a conciliar a garantía de fácil acceso de todos os cidadáns aos órganos xudiciais e a necesidade de evitar unha dispersión de medios materiais e persoais.

7.- A proposta do Ministerio de Xustiza non produce ningún aforro económico importante e vai en contra da realidade económica da zona, xa que se se traslada á Coruña todo o persoal

e o material o aforro en gasto corrente non existe. Ao contrario, se a dispersión xudicial actual xa era un problema pola falta de recursos, as fusiones farán insustentable o funcionamento da xustiza, os municipios de menor poboación terán un difícil acceso, os prexudicados por perder a capitalidade do Partido Xudicial verán minguados os seus recursos pola falta do potencial dinamizador que supón ser sede ou capital dun Partido Xudicial e a indefinición do contido da proposta e a inexistencia dunha planificación e mapa de recursos xudiciais ao servizo da cidadanía, inseguridade, desigualdades e desequilibrios territoriais. A supresión destas oficinas afectará ás familias e persoas con menos recursos económicos que nestes momentos son moitas e ás máis vulnerables desde o punto de vista social.

8.- A proposta do Ministerio de Xustiza vai en contra do Informe do Consello Xeral do Poder Xudicial que propón a redución dos partidos xudiciais en Galicia a 15, mantendo o de Santiago.

9.- O maior consenso nunha materia tan sensible como a administración de xustiza acadouse hai unha década a través do Pacto de Estado pola Xustiza, que entre os seus puntos fundamentais contemplaba "... un novo mapa xudicial que permita axilizar e achegar a xustiza ao cidadán. O novo mapa xudicial establecerase con criterios que permitan axustar a organización á carga de traballo existente en cada parte do territorio nacional. Potenciarase a xustiza de proximidade, de maneira que haxa xulgados máis próximos ao cidadán". A desaparición do Partido Xudicial de Santiago suporía un grave prexuízo para os seus cidadáns, así como unha perda irreparable dun servizo público, ademais da desaparición de numerosos postos de traballo directos e indirectos.

En definitiva, a supresión do Partido Xudicial de Santiago coa súa Audiencia Provincial sección 6ª Civil-Penal; os seu cinco Xulgados de Primeira Instancia, un deles con funcións de rexistro Civil; un Xulgado de Familia; o seu tres Xulgados de Instrución, un deles tamén con funcións de violencia de xénero; os seus dous Xulgados do Penal; os seus dous Xulgados do Contencioso-Administrativo, os seu tres Xulgados do Social e a sede da Xunta Electoral de Zona, é contraria ao interese xeral de toda a comarca, porque non garante nin máis recursos, nin maior eficacia na prestación dun servizo público esencial como é a Administración de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela propón para a súa aprobación os seguintes **ACORDOS**

1º.- Rexeitar calquera medida de agrupación que supoña un prexuízo para os cidadáns de Santiago e da súa comarca de actuación xudicial e un afastamento dos servizos públicos que se prestan aos cidadáns.

2º.- Instar ás administracións competentes na materia para que Santiago ostente, en calquera caso, a capitalidade dun Partido Xudicial e se manteña a sede xudicial de Santiago polo menos con todos os servizos que actualmente ten, así como que se engada un terceiro Xulgado do Contencioso-Administrativo e un Xulgado do Mercantil.

3º.- Instar á Xunta, xa que a Lei Orgánica do Poder Xudicial no seu artigo 35 contempla a participación das Comunidades Autónomas na Fixación dos partidos xudiciais, a respectar

con carácter xeral, os partidos xudiciais actualmente existentes.

4º.- Dar traslado deste acordo ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Ministerio de Xustiza, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.”

O día 28 deste mes preséntase no rexistro da Secretaría do Concello por parte do grupo municipal do BNG a seguinte emenda de engádegas:

“Engadir á proposta de resolución o seguinte:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno central para que:

- Impulse unha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e nos municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

- Acometa unha racionalización da xustiza, apartada dunha visión corporativista e centralista elaborada de forma consensuada cos profesionais, organizacións e colectivos sociais do ámbito xurídico, fundada nos criterios de respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía e unha maior accesibilidade desprovista de custos engadidos.”

Finalmente, con data de hoxe asínase por parte dos tres grupos municipais un texto transaccional, que se incorporará á parte dispositiva do presente acordo.

Don Rafael Vilar manifesta que o BNG está de acordo co texto transaccional, pero presentou unha emenda coa idea de melloralo, reforzalo e situar o debate nos seus termos. A emenda engadía dúas cuestións que lles parecían centrais, en primeiro lugar instando a que se impulse unha reforma en profundidade da organización da Administración de Xustiza que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación de planta xudicial, e que permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e nos municipios de maior poboación, naqueles que sexan cabeceiras de comarca.

E, en segundo lugar, proceder a acometer unha racionalización da xustiza, fuxindo dunha visión corporativista e centralista, cun texto elaborado de forma consensuada cos profesionais, organizacións, e colectivos sociais do ámbito xurídico, fundada nos criterios de respecto ao dereito á tutela xudicial, acceso universal á xustiza, achegamento da xustiza á cidadanía, e unha maior accesibilidade despois de custos engadidos.

Lamenta o concelleiro que esta emenda non se incorpore ao acordo transaccional final, malia que o seu grupo ofrecía unha posibilidade de emendar a emenda, cedendo en parte do texto. Non obstante, e para que non quede ningunha sombra de dúbida, o BNG vai apoiar esta proposición do grupo municipal socialista, mediante o acordo acadado entre os tres grupos, e retira pois a emenda presentada.

A seguir, pasa o Sr. Reyes a dar lectura ao acordo transaccional acadado neste punto.

Xa que logo, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar o seguinte texto pactado entre os tres grupos políticos municipais en relación coa defensa do partido xudicial de Santiago:

“Instar á Xunta de Galicia -unha vez que se presente o anteproxecto da Lei de Demarcación e Planta- a realizar as xestións oportunas co Ministerio de Xustiza para que Santiago ostente a capitalidade dun partido xudicial e se manteña a sede xudicial en Santiago e o mantemento dos órganos xudiciais que actualmente desenvolven ás súas funcións no Partido Xudicial de Santiago de Compostela, defendendo as características do territorio galego, co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado racional, que garanta o dereito fundamental á tutela xudicial efectiva.”

O Sr. Alcalde pecha a sesión ao fío das vinte horas e trinta minutos. Dou fe